

PUBLICACIÓN
SEMESTRAL
DE ARTESANÍA
DE GALICIA

nº 2 xaneiro 2009

obradoiro

de artesanía

- Era unha vez • Ecobarcos artesanais
- Un mix de luxo emocional • A outra arte floral
- Entre fíos • Opinión • Galería
- Memorias dun mestre cesteiro
- Dos Pireneos á Ribeira Sacra
- A forma como escusa • A forza das mans
- A febre da prata • Faise a luz



AR
DI



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

ARTESANÍA
DE GALICIA

Cada pequeno detalle, cada curva, cada matiz nas cores e na suxestión que crean as mans dos nosos artesáns e artesás, leva a pegada inimitable dunha tradición inspirada nunha terra onde cada recuncho respira beleza e calidade. En cada creación dos nosos artesáns e artesás atoparás a beleza dun país único. Galiza en estado puro.

GALIZA EN ESTADO PURO

www.artesaniadegalicia.org



Presentámosvos aquí o segundo número de *Obradoiro de Artesanía*, un proxecto que nacia o pasado mes de agosto da man da Dirección Xeral de Comercio da Consellaría de Innovación e Industria e que está a ter moi boa acollida entre o sector, debido á súa función de divulgación do produto e dos oficios artesanís galegos. Este segundo número ve a luz en plena campaña de Nadal e moi próximo a unha das citas máis importantes que lle agardan á artesanía galega neste ano que entra. Trátase da primeira edición de MOA, a Mostra de Artesanía de Galiza, un proxecto pioneiro impulsado pola Consellaría de Innovación e Industria, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, co obxectivo de establecer unha cita de referencia entre o calendario de feiras de artesanía de toda Europa.

Do 27 de febreiro ao 1 de marzo, Galiza converterase nun espazo de encontro e de posta en relación de todos os axentes implicados: creadores, comercializadores e institucións, de xeito que se facilite tanto a promoción da artesanía como a introdución nesta en diversos mercados. Así, MOA funcionará como un escaparate propio que proxecte a imaxe de Artesanía de Galicia como marca comercial de prestixio e de calidade, ao tempo que dea a coñecer as técnicas e os saberes aprendidos de xeración en xeración que se desenvolven nos oficios tradicionais.

A presenza de MOA achegarálle aos artesanís oportunidades de negocio e novas canles de distribución e comercialización. Confiamos en que se convirta nun foro de intercambio, pero tamén

nun referente no ámbito internacional, no que as pezas de autor procedentes das diferentes artesanías consigan transmitir o valor engadido de patrimonios culturais únicos.

Coma no número anterior, os oficios tradicionais contan cun espazo propio nos contidos da revista. Neste caso, destacamos unha reportaxe sobre a importante tarefa de investigación e de recuperación do encaixe tradicional galego que está a desenvolver a artesá Concha Canoura, ademais de dúas seccións completas dedicadas á cestería tradicional e á cantería. A outra perspectiva da artesanía contemporánea galega ofrécese a través das reportaxes sobre Marta Armada, cuxo traballo creativo relaciona arte e artesanía, a obra de Francisco Pazos, as lámpadas de Arturo Álvarez ou as conclusións do deseñador Martín Azúa sobre o seminario "A tradición reformulada", organizado o verán pasado na Estrada pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e pola Fundación Martínez Otero.

A sección "Galería" segue a ter un lugar destacado neste número da revista. Igual ca no primeiro, presentamos pezas artesanís elaborados polos diferentes obradoiros que participaron co stand da marca en diferentes feiras internacionais de recoñecido prestixio. Deste xeito, presentamos un escaparate de artesanía dende o punto de vista da fotografía artística, tal e como se estivesen expostas nunha galería de arte. Dende a Consellaría de Innovación e Industria estamos a apostar firmemente pola divulgación das pezas da nosa artesanía entre a sociedade galega, así como pola súa introdución tanto no mercado interior coma nos mercados de todo o mundo, dende todas as vías posibles.

oirauns * * * * * sumario

Era unha vez... 4	Galería 33	Ecobarcos artesanais 10
A outra arte floral 20	54	Faise a luz 18
Memorias dun mestre cesteiro/ Dos Pireneos á Ribeira Sacra 49	25	Entre fíos Opinión 76
66	14	32
A forma como escusa/ A forza das mans	A febre da prata	Un mix de luxo emocional 60

obradoiro
de artesanía

A revista Obradoiro de artesanía está dispoñible en pdf na páxina web www.artesaniadegalicia.org

Edición
Dirección Xeral de Comercio
Consellaría de Innovación e Industria

Coordinación
Maruxa Ledo Arias/María Guerreiro
Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño
L25MN Área Central 15707 Santiago de Compostela
Tel. 881999171 / 881999175 Fax 881999170
e-mail: centro.artesania@xunta.es

Fotografía
Portada: Manuel G. Vicente
Xoán Piñón/ Manuel G. Vicente
Juan Carlos G. Franco/ Roberto Cores Ferreira
e contribucións dos artesáns

Deseño, realización e produción
Vermasmedios S. L.
Tel. 881 926 236
info@vermasmedios.com

Depósito Legal
C-4788-2008

ARTESANÍA DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio


Era unha vez...

Contar historias en pequenas pezas de xoiaría converte en singular o traballo de **Marta Armada**. A ceramista viguesa controla todas as fases da creación e da comercialización das súas pezas, todas únicas e co selo da exclusividade. Xoias que son, en realidade, esculturas en miniatura e que, no caso da súa última colección "Namibia", naceron dunha experiencia persoal e profesional dun ano en África e formaron parte dunha exposición na Galería Sargadelos de Vigo. "O que me gusta da xoiaría cerámica é que dun cacho de arxila sae algo elegante, fino e ben feito, a partir dun material que nace da pedra. Con moi pouco podes facer algo moi grande", sostén.

Porcelana núa, sen esmalte. Así é Namibia baixo o prisma artístico de Marta Armada (Vigo, 1967). Durante nove meses, a ceramista galega viviu no país da África Subsahariana coa intención de coller un ano sabático. "En realidade non parei de traballar. Levei algo de porcelana e catro ferramentas", conta. "Tiven a sorte de que alí coñecín unha xoireira cun pequeno taller, e trouxen a Galiza corenta pezas acabadas". Ao cabo, o seu período de descanso e reflexión converteuse nunha das súas coleccións máis aclamadas, a liña máis orgánica e vital das súas propostas e sobre a que segue traballando. Combinados coa prata, e empregando o branco e o negro, os seus colares e aneis transmiten o contraste entre a dureza e a fragilidade africana, representada por ambos os dous materiais. "O curioso é que a min principalmente gústame a cor e os esmaltes. E en cambio aquí só xogo co branco e co negro, porcelana negra ou branca. Quizais é porque aquí en Galiza teño acceso a todo e en Namibia só tiña barro e levei moi pouca cousa".


Esta experiencia non foi só unha liberación de cor (presente na súa colección "Crocodilo") senón que tamén supuxo para ela deixar de lado, temporalmente, a parte comercial do seu traballo: as vendas, das que se encarga en persoa co obxectivo de seleccionar moi ben o tipo de establecemento ou o espazo no que se deben situar as súas xoias. "Non me quero converter nunha fábrica", afirma.

Só así se puido dedicar ao cento por cento a deseñar e, co mínimo, conseguir as 35 pequenas esculturas que formaron parte da súa exposición "Namibia", aloxada na Galería Sargadelos de Vigo en 2008, e que é xa constitúe a súa sexta mostra individual dende o inicio da súa carreira. Neste pequeno pero coidado espazo dedicado á mellor cerámica do mundo, Marta Armada preparou un discurso narrativo no que cada peza cobraba valor grazas a un soporte en forma de tubo de metacrilato realizado especificamente para cada xoia. "Quería que o meu traballo se puidese ver máis alá dunha tenda". E é que lle gusta controlar todas as fases do seu proceso: dende a elección e o tratamento dos materiais, ata os acabados, a presentación, a distribución das súas xoias...



A liña "Namibia" de Marta Armada naceu durante unha estada dun ano neste país africano e nela a artista viguesa emprega a cerámica en branco e negro.





Na serie "Graphic" cada xoia é única e Marta Armada fai nelas serigrafías con debuxos sobre a natureza ou anacos de mapas do mundo.



Pero para Armada non é necesario achegarse ao Trópico de Capricornio para atopar a inspiración. A súa paixón polos mapas e pola caligrafía ou a evidente influencia dos elementos da industria naval, que respira dende o seu taller de Vigo, deixaron pegada en coleccións como "Graphic" ou "Japonesa". A primeira é a que máis éxitos comerciais lle deparou ata a data e permítille xuntar varias das súas facetas profesionais: a escultura cerámica, a xoiaría e a pintura. "Pódoa personalizar e montar pequenas historias en cada colgante, concibo cada xoia como un pequeno lenzo. E aínda que formen parte da mesma serie, cada peza é diferente. Repetir para min é un problema, cánsame".

A través das técnicas da serigrafía e do esmalte, Marta Armada conta historias e crea o seu propio mundo nestas pequenas esculturas, nas que moitas veces habitan personaxes ou se reproducen pequenos cachíños do mundo. "A serigrafía fágoa con calcas con tinta cerámica. Mólloas na auga e transfírollelas á cerámica. Moitas veces son debuxos meus, ás veces sacados dun mapa. Alí podes contar pequenas historias. E pásoo moi ben con isto. Hai unha idea detrás que a persoa que adquira a peza pode ou non enxergar", sostén.

Un grupo de ceramistas dinámico e de estilos diferentes

Outra das súas coleccións máis representativas é "Japonesa", que naceu dun encontro con artistas xaponeses no que un grupo de ceramistas, liderados por Miguel Vázquez, traballaron a caligrafía oriental. Primeiro desenvolveu esta técnica sobre o papel e, case intuitivamente, trasládullela co pincel ás súas pezas de xoiaría.

Ademais de ceramista, Marta Armada dedicouse á docencia e á pintura, aínda que nestes momentos esta disciplina pasou a un segundo plano porque está moi dedicada ao seu traballo de xoiaría. A súa traxectoria caracterízase por combinar a parte máis comercial da artesanía coa artística.

Así, tamén durante a súa estancia en África, unha das súas pezas foi escollida para formar parte da mostra "A mellor artesanía europea", celebrada en París o ano pasado e na que se elixiron tan só tres pezas de artistas do Estado español. Sen dúbida, 2008 supuxo o ano da súa consagración, xa que pouco antes da Semana Santa recibiu a chamada de Miguel Vázquez para, xunto con outros seis compañeiros de oficio, xerar o proxecto Trasmontes Virtual Gallery. "En Galiza hai ceramistas bos, pero dispoñer dunha galería é outro tema. E Miguel chamoume para dicirme que nos convidaran a Cerco (Zaragoza) e que se lle ocorrera que podíamos ter unha galería virtual, xa que non temos un espazo físico aínda que si interese e un traballo interesante que amosar. O curioso é que somos seis, pero empregamos a cerámica dun modo moi diferente. Quedamos para decidir que pezas levar, organizamos un stand, activamos a páxina web e alá fomos. Formamos parte de Trasmontes Miguel Vázquez, Javier Aguilera, Emilia Guimeráns, Suso Dobao, Verónica Pérez e mais eu, pero a idea é que se incorpore máis xente", recorda Marta Armada. Este grupo está sempre en marcha. A través do seu traballo individual como artistas, transferindo a súa experiencia e o coñecemento do oficio na súa docencia, como defensores e representantes da cerámica galega en eventos internacionais ou dotando de contido a web www.trasmontesvirtualgallery.com ou o blog *La Barbotina*, para debater e reflexionar sobre a arte, sobre a artesanía ou sobre os acontecementos de interese para profesores e alumnado das escolas de Vigo e de Nigrán. "Todos, de forma espontánea, cando nos atopamos, dicimos: "Oe, témonos que ver e darlle unha volta, engadir cousas novas". O seu primeiro profesor foi precisamente Miguel Vázquez, hai vinte anos, na Escola de Artes e Oficios de Vigo e, grazas a el, introduciuse primeiro no torno e na escultura, aos 18 anos. "Empecei facendo cerámica na escola e despois derivei cara á escultura. Estiven a dar clases de taller e, en paralelo, ía facendo cousas pequenas. Como cada vez me ía mellor coa xoiaría, funme centrando niso, aínda que tamén pinto. Quería

sacar un produto de calidade, ben feito e as pezas identifícanas comigo. Investigo cos esmaltes, coas cores...", explica: "Concibo cada xoia coma unha escultura de pequeno formato, que podería imaxinar en grande perfectamente. Moitos clientes dinme que ademais de poñelas poderían colocalas perfectamente nas súas casas".

Pequenas obras mestras

Tras formarse na Escola de Artes e Oficios de Vigo, Marta Armada trasladouse a Madrid, onde compaxinou cinco cursos na Escola de Cerámica de La Moncloa con clases de pintura no estudio Soto Mesa. Neste período de estancia na capital española, participou en varias exposicións, dúas delas individuais, na Sala Previa e na Galería Sargadelos de Madrid. Xa de volta no seu Vigo natal, seguiu formándose con cursos de deseño e técnicas cerámicas en Sargadelos, La Bisbal, La Granja e en Euskadi, así como acudindo a talleres de artistas como Luis Gordillo ou Din Matamoro.

Pouco a pouco foise interesando pola xoiaría e comezou a combinar prata e cerámica. Ata este ano, traballaba cun xoieiro especializado, ao que lle encargaba algunhas das pezas principais de prata. Pero é un material no coñecemento do cal está inmersa nestes momentos. "Empecei coa prata facendo os remates e algunha pequena cousa, pero agora xa me pide o corpo facer pezas máis elaboradas. A porcelana é moi difícil de traballar porque é moi fráxil, hai que traballar moi fino e só con mirar xa rompe. En cambio, cando a coces é moi dura, é coma a pedra. A prata é moi dura como materia prima, pero tes que respectar os seus procesos de traballo. Gústame o soprete, o xogo, modelala...".

Na súa intensa traxectoria, ao longo destas dúas décadas, tamén fixo pezas grandes, escultura a partir do torno e, na súa pintura e nos seus esmaltes están presentes a fotografía e a collage. "É ridículo diferenciar a arte da artesanía. A través do oficio podes representar o que significa para ti algo. Ao final todo está relacionado", di.

"CONCIBO CADA
XOIA COMA UNHA
ESCULTURA EN PEQUENO
FORMATO QUE PODERÍA
IMAXINAR EN GRANDE
PERFECTAMENTE"

Contar historias e sintetizalas nas súas pezas. Esa é a filosofía de "Graphic", unha das liñas máis destacadas da traxectoria de Marta Armada.





"Empezo a traballar unha vez que teño o material na man"

☉ Cal é a túa forma de traballar?

Eu son moi anárquica traballando, sen un método moi ríxido, pero inflúe o material porque é imprevisible. A arxila é controlable ata certo punto coa experiencia, pero tes que saber como respira e como funciona. Tiven que traballar ao principio na técnica, nos axustes da temperatura para que quedase como eu quería porque despois, ao facer a serigrafía, xa o personalicei.

☉ Xogas moito coas improvisacións?

Na cerámica o traballo máis interesante nace moitas veces da improvisación. En cada cocción meto sempre algo novo para ver que sae e sempre che dá sorpresas. En ocasións queda un resultado determinado se o busco e sei o que quero atopar, pero adoito facer variacións para ver que sae.

☉ Traballas a partir dun bosquexo ou xa directamente sobre a arxila?

Tomo as anotacións que se me ocorren, penso nunha forma, doulle voltas... pero adoito traba-

llar co material. Teño caixóns con moitas pezas e nunca sei cales vou utilizar para as miñas xoias.

☉ Que materiais prefires para combinar?

Gústame a prata, o coiro, o caucho e os fíos. Agora xogo moito co caucho, como complemento da cerámica.

☉ Cóntanos os pasos que segue cada peza dende que a ideas ata que a vendes.

Primeiro fago formas coa arxila e empezo a modelalas. Fago as pezas e sométoas a unha primeira cocción. Despois doulle cor onde me guste e vai ao forno. Moitas pezas levan dúas coccións, a primeira, que é o biscotado, a unha temperatura inferior que as deixa listas para pintar ou serigrafar. Despois, vólvoa cocer.

☉ Canto dura a cocción?

Cinco ou seis horas cada cocción. A porcelana núa leva só unha. Unha vez cocida, a porcelana queda moi dura e non se pode perforar. É

case pedra. Despois é o momento da montaxe e aí entra en xogo a prata. O forno é máxico no momento no que o abres e ves o que saíu e como quedou a peza que te propuxeches. Por iso é importante ter un forno pequeno para facer experimentos. Por exemplo probas as cores porque non sabes, unha vez cocidos, como se van fusionar.

☉ Que vantaxes che ofrece un colgante, un anel, uns brincos... fronte a unha peza de gran formato?

Gústame a idea de dicirme a min mesma: "Teño este espazo pequeniño, este pequeno lenzo, para pintar e para traballar".

☉ Inflúe moito Vigo, e Galiza en xeral, no teu traballo?

Nas miñas pezas hai moita influencia do industrial. Gústame moito os obxectos industriais: as abrazadeiras, os aparatos de suxeición de barcos, os efectos navais. Ao vivir aquí en Vigo recibo unha grande influencia das paisaxes industriais.

XOIAS CON REFERENCIAS MARIÑAS

“Gústame os peixes. Dende hai moitos anos. E antes cando pintaba sempre había referencias mariñas”.

Un peixe é a imaxe de marca, o logo de Marta Armada. Coa referencia constante do mar vigués, ela deseña, fabrica e move directamente as súas obras,

dende o seu pequeno obradoiro, no que traballa “horas, día e noite”.

Non acode ás feiras e quere controlar en todo o momento a súa mercadoría, co obxectivo de preservar a súa exclusividade.

“Agora, por exemplo, vou contactar cunha galería-xoiaría de Santiago, quero saber onde están as miñas pezas e coidar todos os detalles de cada unha delas. Así é como podo facer o que quero”.

O OBRADOIRO

- Nome do obradoiro:
Marta Armada-Deseño de Xoias
- Enderezo: r/ Castaña, 27, 1º
36212 Vigo-Pontevedra
- Web: www.martaarmada.com
www.trasosmontesvirtualgallery.com
- e-mail: info@martaarmada.com



Ecobarcos artesanais

A construción artesanal de embarcacións de madeira busca o seu rexurdimento apoiándose no valor engadido da sustentabilidade. Nun planeta que pide a berros ser protexido e cunha poboación cada vez máis concienciada co respecto polo medio, a **Asociación Galega de Carpintaría de Ribeira** traballa para lle proxectar aos armadores e á sociedade en xeral os valores culturais, históricos, ecolóxicos, sociais e de calidade desta actividade artesanal que entronca directamente co oficio da pesca e co mundo do mar.





Xerardo Triñanes, presidente de Agalcari

"Cada barco de madeira é único e insubstituíble"

A Asociación Galega de Carpintaría de Ribeira (Agalcari) representa a dezaoito empresas de toda Galiza dedicadas á construción de embarcacións de madeira. Un sector en crise que, en abril de 2007, decidiu unir esforzos para demandar un cambio na regulación, lograr máis recoñecemento e deseñar unha estratexia de supervivencia para os estaleiros galegos desta especialidade, na que traballan máis de 200 profesionais. Este oficio artesán ten a súa máxima concentración na Ría de Arousa, con dez obradoiros nos que se constrúe a grande maioría das embarcacións profesionais matriculadas en Galiza. Un deles é o estaleiro Triñanes Domínguez, situado en Boiro, unha empresa familiar que nace en 1978 e cuxo propietario, Xerardo Triñanes, é o presidente de Agalcari.

Por que decidides asociarvos e poñer en marcha Agalcari?

A Asociación nace por unha necesidade urxente de poñer en valor as embarcacións de madeira e a súa construción naval. Porque nestes momentos, en Galiza estase a dar un paradoxo: os armadores e os mariñeiros só apostan polo poliéster mentres que, tanto dende o punto de vista ambiental como por estabilidade, por seguridade e por navegabilidade, a madeira é o mellor material. Ademais, estas embarcacións están realizadas sen procesos industriais, de forma totalmente artesanal. Cada barco de madeira é único e insubstituíble.

Cales son as principais preocupacións de Agalcari?

As novas tecnoloxías, as resinas de última xeración e as madeiras laminadas foron incorporadas a estas embarcacións, pero estes aspectos non están recollidos no regulamento vixente actual do *Bureau Veritas* de 1963. Unha vez que analizamos estes problemas, contactamos con TECMAR e fíxose un estudo sectorial para realizar unha proposta de regulación, primeiro a través dos organismos galegos e despois a nivel estatal. Decidimos reunirmos para elaborar esta proposta para que na Dirección Xeral da Mariña Mercante, en Madrid, coñezan a problemática relacionada coa madeira e actualicen este regulamento.

O voso obxectivo é alcanzar un maior recoñecemento.


Temos o propósito de conseguir unha denominación de orixe para as embarcacións galegas. Trataríase de ir un pouco máis alá unha vez feito o regulamento, e para iso estamos en contacto coa Consellaría de Innovación e Industria. Queremos que se vexa que o noso é un produto único, exclusivo, feito en Galiza, con todos os ingredientes necesarios para que o armador teña ben claro o que está a comprar e que tipo de produto vai levar.

Cales son as vantaxes ecolóxicas do uso da madeira?

A asociación nace con espírito de cambio, de modificar a normativa e de ter un produto de calidade, así como de chegar aos armadores no sentido de que vexan que verdadeiramente ao ter un barco de madeira, á parte do plus ambiental que representa, están tamén contribuíndo ao mantemento da ría. As nosas embarcacións non teñen os problemas de reciclaxe do poliéster nin do aceiro e, unha vez que remata a súa vida produtiva, intégranse no medio sen os problemas que poden ocasionar outro tipo de materiais. É, sobre todo, unha cuestión moi psicolóxica dos armadores, que asocian o poliéster coa modernidade. E non sempre un material moderno é mellor.

En que situación se atopa actualmente o oficio?

Os estaleiros de madeira de ribeira están desaparecendo rapidamente e temos que conseguir poñer ese produto no mercado e baixo uns parámetros de calidade por riba ou á altura doutros materiais. Agora mesmo hai unha crise xeral, e esperamos que conxuntural, na que se está construíndo pouco, tanto en madeira coma en poliéster, pero, no momento no que o armador teña que decidir, nós queremos que nos teña en conta. O armador necesita un barco operativo. Se ademais ten calidade e pode haber unha normativa que ampare esta calidade, penso que apostará pola madeira. Se temos en Galiza unha embarcación que ten unhas boas prestacións a nivel de estabilidade, de seguridade e de



- ● ● navegabilidade, que está, ao mesmo tempo, feita cun produto natural e cun proceso artesanal onde o consumo de enerxía e os parámetros ecolóxicos son óptimos, parece que non ten sentido que desapareza esta modalidade de construción naval. Por iso, queremos cambiar ese *chip*, para lles dar argumentos e que saiban que ese barco vai ter moitísima calidade e vai estar á altura dos restantes materiais.

☞ Cantas persoas emprega este sector? Agora mesmo unhas 200 en toda Galiza.

☞ Que formación profesional se require? A formación é un dos problemas aos que nos enfrontamos. É unha aprendizaxe empírica, froito da transmisión oral. O mestre carpinteiro ensínalles aos futuros carpinteiros de ribeira o oficio dende o principio. É unha formación longa (duns tres anos e medio, aproximadamente), complexa, difícil e que non está regulada. Aínda que existen algún curso de carpintaría de ribeira ou algúns que contemplan unhas horas lectivas, non están oficialmente recoñecidos.

☞ Supoño que é un oficio que require de coñecementos de enxeñaría naval. Os enxeñeiros navais son os que asinan os proxectos das construcións navais en madeira, pero tanto o proxecto, como a forma e a construción son do propio artesán. En realidade, o que están a facer os enxeñeiros navais é asinar unhas formas que son produto do propio

artesán. A asociación nace para salvar todo este tipo de problemas. Por exemplo, cando eles deseñan un barco con criterios académicos e fan barcos grandes, non sempre conservan as formas que foron transmitidas ao longo do tempo polos carpinteiros de ribeira. E moitas desas embarcacións tiveron problemas que se lle achacaban á madeira. Pero non está demostrado que se estean mellorando as formas que xeración tras xeración fomos transmitindo os carpinteiros de ribeira. Queremos que ese saber estea regulado e recollido. E estamos a iniciar o primeiro *Tratado de carpintaría de*

tamén á reparación. Nós especializámonos no patrimonio marítimo, pero tamén no arranxo e na construción de barcos de recreo. Pero, sobre todo, o núcleo máis importante está constituído pola embarcación de acuicultura. O feito de que Galiza sexa o único recanto de Europa no que se está construíndo en madeira débémolle en grande medida ás bateas. Estanse facendo moitos auxiliares da acuicultura e aínda hai moitos armadores que apostan pola madeira. Tamén no que é a pesca, estamos facendo barcos para o cerco e para distintas localidades pesqueiras.

"Urxe poñer por escrito o valor inmaterial e técnico do noso oficio para que se lle transmita ás novas xeracións"

ribeira para abranguer a sabedoría e todo o que se poida recompilar da técnica, porque corremos o risco de que esa cadea xeracional remate e non queden suficientes datos. Aínda non é o caso, pero urxe poñer por escrito o valor inmaterial e técnico que ten o noso oficio para que se lle transmita ás novas xeracións.

☞ O teu estaleiro, Triñanes Domínguez, creceu en número de traballadores dende o seu nacemento hai trinta anos. No noso caso si, pero quizais este crecemento está vinculado non só ao mantemento senón

☞ Hoxe en día, ¿cantas embarcacións deste tipo se producen anualmente? Dúas ou tres no meu estaleiro. Entre todos os integrantes da asociación, entre 15 e 20 embarcacións. Mesmo máis porque traballamos con distinta tonelaxe, e das pequenas, das de recreo e patrimonio marítimo, faise algunha máis.

☞ Que tipo de madeira utilizades? Madeira autóctona nun 80 % e nun 20 % madeira foránea. Esta última, sobre todo, polo forro exterior do casco, no que estamos a utili-



zar madeiras nobres, como a de teca, sempre a través de empresas que cumpran as normas ambientais. O noso compromiso co medio é fundamental.

🗣️ Cantas horas de traballo se requiren para todo o proceso de elaboración dun barco artesanal?

Por exemplo, un barco de 20 metros para acuicultura, coma os que se están facendo agora, require de 5.000 horas de traballo. A artesanía naval en madeira xera moita man de obra. Á parte de que o propio material e o consumo de enerxía durante a fabricación do barco é mínimo. Para crear o poliéster e a fibra de vidro, os procesos e o consumo enerxético son enormes, e é un derivado do petróleo. A madeira prodúcese no monte, non hai esforzo enerxético ningún.

🗣️ No teu caso, aprendiches o oficio por transmisión familiar?

Eu herdei a sabedoría de saber facer os barcos de meu pai. O mestre carpinteiro de ribeira, ao igual que outros mestres artesáns, atesoura moitos valores inmateriais de sabedoría, pero tamén preserva a filosofía de levarse ben co medio e coa natureza. Un carpinteiro de ribeira dicíalle aos rapaces que os carballos teñen que medrar máis de trinta anos para poder dar unha quilla ou unha proa. Neste oficio hai un enriquecemento persoal pola complexidade, porque un barco ao final está composto por miles de pezas e isto, dende o punto de vista técnico, é unha barbaridade, un prodixio da técnica. Modelas unhas formas, lévalas á realidade e estas formas está demostrado que teñen un comportamento extraordinario. Os criterios académicos que se utilizan para deseñar un barco non melloraron os que nós levamos facendo dende hai séculos e iso, dalgunha maneira, pareceríame unha mágoa que se perdesse.



A febre da prata

Coller o legado dos mestres ourives composteláns e achegalo á vangarda, tanto artística coma empresarial, é a tarefa que a diario, dende o seu obradoiro de Santiago de Compostela, levan a cabo Javier e Enrique Fink. A prata é o material do que emerxen as súas pezas, moitas veces combinadas co acibeche, tan característico da simboloxía compostelá e presente nas súas rúas e prazas. Outras veces, a prata, elegante e luminosa, casa con pedras de cor ou materiais innovadores en función das tendencias ou dos novos deseños. Os colgantes, os brincos e os brazaletes de **Fink-Orfebres** triúnfan en toda Europa e, como non, tamén na capital xacobeá, o centro histórico que é testemuña dende hai séculos da febre da prata.



No taller de Fink-Orfebres nove persoas fabrican e preparan as pezas para a campaña de Nadal, mentres Enrique Fink diseña xa as novas propostas no seu pequeno despacho. Nelas, a circonita de cor e a prata con texturas e rematado mate serán os materiais “estrela” para 2009 e brillarán nas feiras de Madrid (Bisutex) e Múnic (Inhorgenta), o seu principal escaparate para o resto do mundo. Nesta ocasión, a novidade non recaerá no acibeche con prata, un clásico da ourivaría galega, que segue formando parte permanente dende hai quince anos da oferta destes xoieiros galegos. Unha das claves do seu talento é que souberon renovar as formas clásicas mantendo referencias da cultura celta e da bagaxe cultural do Camiño de Santiago.

Xunto co seu irmán Javier, Enrique Fink foi levantando, colección tras colección, un negocio que naceu en 1994, aproveitando a experiencia adquirida por ambos os dous noutros obradoiros do sector e que conseguiu ser un referente na arte da ourivaría. O lema da empresa, “TRADICIÓN+VANGARDA”, resume á perfección a filosofía do seu traballo xa que, xunto coas pezas clásicas en prata e acibeche, elaboran outras coleccións máis efémeras no mercado, apoiadas na exclusividade e moito máis arriscadas na súa formulación. Mesturas de ouro e prata, diferentes acabados, prata ligada ao esmalte, prata con feltro, dourado con óxido, pedras de cores... Grazas ás súas investigacións no tratamento dos materiais, dende a súa empresa na

zona do Sar abastecen mercados moi diferentes: en Galiza, en Cataluña ou noutros recantos de Europa.

Co seu catálogo permanente, pero tamén con xoias de deseño que perduran un ano no mercado aproximadamente para se retiraren despois. “En Fink-Orives deseñamos, fabricamos e distribuimos. O deseño principal fágoo eu, e despois vaise traballando en equipo ata conseguir o que queremos. Chegamos ao mercado unhas tres veces ao ano e temos en conta as tendencias da moda, sen abandonar o tradicional”, conta Enrique Fink.

Sen dúbida un dos sinais de identidade de Fink-Orfebres é o valor engadido que lle ofrecen ao cliente. Non se trata só dun produto tradicional renovado.

Nas súas pezas hai unha coidada imaxe de marca e unha coherencia que empeza na propia xoia e que se reforza co *packaging*, con expositores de produto para as tendas, coa garantía de calidade e de autenticidade de cada peza ou co servizo posvenda que lle ofrecen á súa clientela, así como coa

loxística de produción e da facturación,... “Intentamos darlle o menor traballo posible ao distribuidor”.

“Hoxe en día, para poder competir nos mercados exteriores, ademais de coidar ao máximo a calidade, hai que perfeccionar a presentación, o acabado, a etiquetaxe... E, para seguir presente no mercado, hai que



ofrecer cousas novas cada vez a máis curto prazo”, explica o deseñador, que nos seus últimos traballos incorporou o seu logotipo gravado a un tamaño que lle permite ao cliente identificar claramente o produto e amosar unha peza artesá única e especial.

Xunto cos seus traballos persoais, nos que cada vez ten máis presenza a marca propia, Fink-Orfebres establece alianzas puntuais con empresas de sectores como a moda, para as que realizan liñas de complementos en ourivaría. Tamén realizan regalos de empresa, en función das necesidades do cliente. A busca está sempre presente na súa forma de entender a artesanía. “A nosa referencia está na xoiaría tradicional compostelá, pero no que ao deseño se refire, buscamos constantemente ideas novas”, afirma Enrique. O marfil, o coral e outras pedras de cor contrastan co negro do acibeche, a pedra filosofal deste taller, no que a elaboración de cada modelo segue unha estrita metodoloxía e cada ourive ten que achegarse a unha vitrina na que cada modelo concreto ten unha folia de ruta para ser elaborado, paso a paso. É froito da experiencia.

“Aprendemos o oficio e faciamos de todo pero, pouco a pouco, vas investigando en acabados, en terminacións... faste un pouco autodidacta, vas modificando as pezas e incorporando novidades. Ás veces camiñas por diante das tendencias do mercado, pero as tendas non se atreven a compralo ata un ano máis tarde”, relata.

As pezas de Fink-Orfebres teñen como principal mercado a franxa cantábrica, sobre todo Galiza e Asturias, aínda que a súa liña de deseño máis rompedora e as pezas realizadas en esmalte e con máis profusión de cor teñen un destino claro: Cataluña. “A nosa xoiaría ten unha grande aceptación tamén en Euskadi, en Cantabria e en Castela. Tamén temos distribuidores e tendas en todos os puntos do Estado que nos coñecen a partir das feiras e cos que mantemos un contacto posterior. Tamén en Alemaña ou nos Estados Unidos temos clientes puntuais”, explica Enrique Fink.

Mentres, no obradoiro os profesionais, moitos deles procedentes da Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo, tallan, engastan e polen as pezas que se venderán durante as festas de Nadal, Enrique supervisa que todos os pedidos se subministren no prazo acordado. Na sala de fabricación todo está milimetrado. Aínda que o deseño de cada peza se realiza á man, e ás veces por ordenador, todos os moldes se fabrican a partir dun programa de deseño gráfico. Despois comeza un proceso manual e mecánico para que as xoias con máis pegadas da nosa cultura luzan nas nosas mans, no noso colo ou no noso rostro.





Nas pezas de xoiería da firma Fink-Orfebres trasládase á estética vangardista todo o traballo tradicional dos prateiros e dos mestres acibecheiros de Santiago de Compostela

SACANDO BRILLO DA NOSA TRADICIÓN

Fink-Orfebres nace en 1994 e é unha empresa familiar posta en marcha por Javier e Enrique Fink. As súas propostas nacen da cultura compostelá e, en especial, do traballo dos prateiros e dos mestres acibecheiros, a memoria dos cales perdura aínda na praza de Pratarías e na rúa de Acibecharía.

Eles e o seu equipo coidan cada detalle ao máximo, incluídos os seus catálogos, estoxos e soportes, así como a calidade en todo o proceso do pedido: dende a solicitude das pezas ata a súa entrega. Estes elementos reforzan as súas xoias, cun forte influxo dos elementos da natureza e da arquitectura galega e nas que predominan o emprego e a combinación de tres materiais e técnicas: o esmalte, a prata e o acibeche.

O OBRADOIRO

- Nome do obradoiro: Fink-Orfebres
- Enderezo: Canteira do Sar, 6
15072 Santiago de Compostela
A Coruña
- Web: www.fink-orfebres.com
- e-mail: fink@fink-orfebres.com
- Teléfono: 981 593 413



Mostra de Artesanía de Galiza

Do 27 de febreiro ao 1 de marzo, Galiza converterase nun espazo de encontro e de posta en relación de todos os axentes implicados no sector da artesanía: creadores, comercializadores e institucións daranse cita no recinto feiral de Expocoruña grazas a un proxecto pioneiro impulsado pola Dirección Xeral de Comercio, a través da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño. A **Mostra de Artesanía de Galiza (MOA)** nace para ocupar un oco no calendario de feiras internacionais que se celebran en Europa e para atender a demanda dunha feira profesional especializada no sector da artesanía.

“Concibimos MOA como unha plataforma de mercado do sector artesanal galego e como unha vía de promoción da artesanía que vén cubrir unha necesidade que percibimos no contexto actual. A feira nace cun dobre obxectivo: ser un punto de encontro para compradores profesionais das distintas partes do mundo e tamén un espazo de exposición, de intercambio de coñecementos e de reflexión sobre a parte máis creativa da artesanía, posto que o auténtico protagonista desta feira será un produto de alta calidade”, sinala a xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Maruxa Ledo Arias.

A través de MOA, Galiza contará tamén cun escaparate propio de promoción que proxecte a imaxe de Artesanía de Galicia como marca comercial de prestixio e de calidade, así como cunha nova vía de divulgación das técnicas e dos saberes aprendidos de xeración en xeración que se desenvolven nos nosos oficios tradicionais.

O espazo divídese en tres áreas: área comercial, unha expositiva e de descanso e unha terceira dedicada á axenda cultural, á que se poderá acceder previa invitación e na que expositores e visitantes poderán intercambiar impresións, intereses e coñecementos. MOA ofrece un mercado profesional de 3.500 metros cadrados, 1.000 metros para a axenda cultural e espectáculos e un espazo de 3.000 metros cadrados dedicado á exposición das diferentes artesanías, nas que estarán representados distintos sectores do eido da artesanía e da creación, e onde a artesanía galega xogará un papel fundamental. Está previsto que a maior parte dos expositores que participen na feira sexan de Galiza, aínda que haberá artesáns doutras partes do Estado e doutros países, principalmente de Europa.

“Dispoñemos dun espazo limitado así que haberá unha selección previa dos expositores en función do deseño e da calidade do produto, das técnicas de produción, dos materiais utilizados, e mais da capacidade de produción do propio artesán para atender a demanda do mercado, no caso de que así se requira, posto que temos que ter en conta que en moitos casos falamos de pezas únicas dun tamaño considerable”, explica Maruxa Ledo.

O obxectivo é garantirlle aos compradores profesionais que se achen a MOA o alto nivel artístico e artesanal que caracterizará as pezas que participen na mostra, posto que o perfil do visitante que se agarda é un público profesional especializado nos ámbitos do deseño,

da decoración, coleccionistas e establecementos especializados que hoxe en día demandan produtos orixinais e xenuíños que se adapten aos novos estilos de vida.



Suíza, o país convidado

En cada edición da Mostra haberá un espazo dedicado á artesanía dun país convidado. Nesta primeira edición, Suíza será o exemplo de organización e de cooperación do traballo no sector artesán, ademais de amosar as peculiaridades da artesanía do centro de Europa. “Estamos interesados en coñecer a súa forma de organización, as actividades, as exposicións temáticas e comerciais que realizan, os diferentes axentes relacionados coa súa artesanía, os museos que existen, as feiras que organizan, os centros de formación de novos artesáns, ademais dos diferentes subsectores que contan con maior éxito comercial no seu mercado interior”, indica a xerente da Fundación.

Suíza é un país cunha importancia especial para Galiza xa que nel reside arredor do 10% da poboación galega que vive no estranxeiro, e conta coa maior comunidade galega representada no exterior, despois da Arxentina. Foi na segunda metade do século pasado nas décadas dos anos 50, 60 e 70 cando un importante fluxo de galegos chega a Suíza na busca dunha oportunidade laboral. O éxito da economía Suíza fundamentouse nunha produción de alto valor engadido e nunha man de obra altamente cualificada. Ademais, a grande maioría da poboación activa traballa en pequenas e medianas empresas que xogan un papel decisivo na economía do país, por todo isto, dende a Consellaría considérase que o caso de Suíza é un exemplo de grande interese para un país como Galiza.

A Coruña converterase, pois, nunha cita obrigada para os profesionais que estean buscando as últimas novidades do mundo da artesanía. Ao mesmo tempo, a Mostra de Artesanía de Galiza será unha garantía de calidade, de deseño e de innovación, o espazo óptimo para establecer novas redes de colaboración e de negocio entre visitantes e expositores.

As expectativas sobre os resultados son moi ambiciosas. “MOA ofreceralle aos artesáns galegos grandes oportunidades de negocio e novas canles de comercialización. Polo tanto, agardamos que a feira contribúa a fomentar a capacidade exportadora dun sector tan dinámico coma o artesán, e que axude a situar o noso produto de calidade en novos mercados”, afirma Maruxa Ledo.



O PUNTO DE ENCONTRO DA ARTESANÍA
DE TODO O MUNDO ESTARÁ EN GALIZA

ENTRADA GRATUÍTA PARA PROFESIONAIS ACREDITADOS EN WWW.MOAGALIZA.ORG

Do 27 de febreiro ao
1 de marzo do 2009
Recinto feiral
EXPOCORUÑA
www.moagaliza.org



moa
I MOSTRA DE ARTESANÍA
DE GALIZA '09



A outra arte floral

O gusto polos pequenos detalles forma parte da filosofía de vida e de traballo de Olalla e Sara, dúas estudantes de Belas Artes e Publicidade e Relacións Públicas responsables do obradoiro de artesanía téxtil **La Böcöque**. Os seus complementos viaxan por illas paradisíacas e recrean o mundo onírico e naturalista de Jean-Luc Godard ou Georgia O'Keeffe a través do labor de gancho e doutras técnicas artesanais que utilizan o fío como materia prima. As flores son os elementos decorativos máis presentes nas súas pezas, románticas e moi modernas. A Internet é o seu principal aliado na comercialización do seu produto, feito á man e personalizado para cada cliente. Teñen claro que o mellor aínda está por chegar: “Como emprendedoras, La Böcöque é para nós un soño a longo prazo”.



Como un paso máis na súa traxectoria, as creadoras de La Bocôque presentaron este ano a súa primeira colección de bolsos, con estampados cheos de vida e motivos forais, seguindo coa estela marcada nas súas liñas de complementos.



LA BOCÔQUE

☞ Que pasos previos tivestes que dar para montar o voso obradoiro?
Somos un claro exemplo de profesión por vocación. Empezamos na casa dedicando as nosas tardes e mesmo máis dunha noite a investigar entre tecidos, fíos e esmaltes, de todo un pouco. Así naceron as nosas primeiras pezas, que os nosos amigos se encargaban de lucir. Logo dunha campaña baseada no boca a boca, chegaron as primeiras vendas, as tendas e as feiras...

A nosa formación aínda continúa, xa que cremos que nunca se deixa de aprender. Coa mirada posta no futuro, levamos máis dun ano cursando estudos superiores de confección de patróns.

☞ De onde xorde o nome da vosa marca, La Böcöque?
Actualmente, o mercado está saturado de nomes que basean a súa razón de ser en provocarlle certa graza ao público. Desde nomes de contos infantís ata infinitos xogos de palabras. Pasamos moitas tardes tentando dar cun nome especial co que nos sentísamos identificadas. Queríamos algo capaz de lle sobrevivir ás modas, que non significase nada concreto, que no caese no grotesco, e que resumise de maneira sonora o noso traballo, que fose belo graficamente: dalgunha forma buscabamos o compañeiro ideal para as nosas pezas.

☞ Cal é a vosa filosofía estética?
Temos unha estética bastante romántica que nos acompaña na concepción de cada colección. Buscamos que as nosas pezas sexan femininas sen perder de vista o urbano. Imaxinamos unha muller preocupada polos detalles, sen medo de utilizar a cor para resaltar os seus encantos.

Un traballo minucioso na busca do encanto

☞ Como traballades cada peza?
Cada peza é realizada á man coidando ata o máis mínimo detalle. Crear cada unha delas esixe un determinado tempo de elaboración: desde unha ata seis horas. É un traballo minucioso na busca do encanto, que é valorado polas nosas clientas, que adquiren un produto exclusivo, non seriado e moi mimado.

☞ Que materiais utilizades?
Os materiais para nós son un mundo de posibilidades: válenos todo. Cada un deles supón un reto: darlle forma a algo único partindo de materias cotiás que polo xeral pasan desapercibidas. As coleccións que estamos a producir agora baséanse na técnica do labor de gancho, co que o noso armario está repleto de novelos. Pero tamén hai oco para esmaltes, porcelanas, tecidos...



As rosas son unha constante na súa proposta ornamental, baseada no ideal romántico e no forte cromatismo. Sempre sen esquecer as reminiscencias ao pasado no emprego dos materiais e na sensualidade das formas.



MySpace, feiras profesionais e "showrooms"

🗣 Como comercializades as vosas pezas?

Adoitamos traballar vendéndolle ás tendas durante todo o ano, e de forma directa participamos en dúas feiras de artesanía ao ano, unha no verán e outra no Nadal.

Ademais disto, participamos en feiras e "showrooms" de deseñadores mozos, coma o "shopping room" organizado pola galería El Ojo Atómico en Madrid, ou Los Sastrecillos Valientes en Santiago, etc.

Tamén acudimos a feiras para profesionais, como a derradeira edición de Primavera Feira Norte do Regalo, en Santiago de Compostela.

🗣 En que medida vos axudou a Internet a darvos a coñecer?

A Internet axudounos enormemente, no só a darnos a coñecer a través do noso blog, senón tamén a descubrir, grazas á rede, numerosas vías de desenvolvemento para a nosa profesión. Así, establecemos contacto con tendas de todo o Estado dun xeito máis práctico e rápido.

🗣 Cal é a vosa peza "estrela"?

Cada colección ten unha, pero, entre todas as do verán pasado, destacamos dúas: o broche de esmalte e a flor de labor de gancho. En 2008, sacamos tamén unha liña de bolsos e a aceptación está sendo moi boa.

🗣 A que público vos dirixides?

A todas as mulleres que aprecien algo máis que a simple imaxe desmarcándose das tendencias de quince días ou do imposto polas multinacionais. Mulleres que entenden que o artesanal non é incompatible co deseño e que non valoran só o resultado senón tamén o proceso.

🗣 Como decidides o voso catálogo e as pezas da vosa colección?

É unha parte realmente difícil de definir. Sempre temos sobre a mesa varias ideas e, aínda que nos custa, temos que deixar moitas na antesala. Temos un defecto, adoitamos ir ao difícil e sempre nos gustan as pezas que resultan máis complexas. Xeralmente no noso catálogo cabe desde a gargantilla máis barroca do mundo ata o colgante ou o broche máis sinxelo.

Regreso ás técnicas tradicionais: desde o labor de gancho e o macramé ata o tahaniko

🗣 Cal é o voso método de traballo?

Normalmente os nosos días son moi atarefados. Entre producir as coleccións e os patróns, pasamos todo o tempo entre fíos e teas.





Estamos constantemente aprendendo e atopando cousas novas que despois empregamos para crear as nosas pezas. Sempre hai un elemento que predomina en cada colección, xa poden ser xeometrías ou temas de inspiración floral. Unha vez achado, buscamos o xeito de lles dar forma aos diversos complementos. En todas as nosas coleccións hai un miramento cara ás técnicas tradicionais: desde o labor de gancho e o macramé ata o “tahaniko”. O resto son infinitas horas de dedicación.

☞ En que medida vos inspirades na cultura galega ou na súa artesanía tradicional?

É unha inspiración que non vai tanto no formal coma no sentimental: no halo melancólico, os matices e as diferentes tradicións. Na nosa mente sempre está poñer unha nota de cor para aledar os típicos días de choiva.

☞ Con que outros artesáns galegos da vosa xeración vos sentides identificadas?

Todos os artesáns que coñecemos dedícanse a técnicas diferentes coma o coiro, a cerámica ou a prata, oficios cos que temos pouco en común. A xente que traballa con materiais similares aos nosos, materialízao dun xeito diferente.

☞ De onde son a maioría dos vosos clientes?

Temos a sorte de estar presentes en tendas de todo o Estado, o que nos facilita chegar a un público máis amplo. Podemos destacar unha moi boa aceptación en Euskadi, estamos redescubriendo Badaxoz e seguimos a ter os nosos incondicionais en Galiza.

☞ En que traballades na actualidade e cales son as vosas perspectivas de crecemento?

Estamos moi involucradas no téxtil, sempre sen perder de vista o complemento artesanal. No outono de 2008, sacamos a nosa terceira liña de bolsos con moita ilusión.

Nun futuro non moi afastado vémonos modelando sobre un manequín. Sería perfecto poder idear unha colección completa sen abandonar a nosa filosofía de traballo. Quédannos moitas materias pendentes que esperamos poder levar a cabo máis adiante.



Cada peza require de moitas horas de traballo, como esta cascada de frores de ganchillo, capaz de dotar de personalidade propia a calquera vestido, abrigo ou camisa. Para elas, no perdurable está a clave do verdadeiro estilo.



SOFISTICA O BÁSICO

A derradeira colección de La Bocoque chámase “Calquera lugar do mundo” e consta dunha serie de bolsos, de broches e doutros complementos para o outono-inverno 2009, inspirados en diferentes países e cidades coma Nova York (á que lle dedican unha sofisticada carteira branda de man), París (identificada cun bolso acolchado e con volantes), Vietnam (que se representa nunha bolsa de asas, de estilo sobrio e oriental, cremalleira e dobre bolso) ou Grenlandia e Siberia, onde o cadro escocés, as flores e o “patchwork” adquiren un papel protagonista. Bolsos e outros aderezos para unha muller cosmopolita, amante de percorrer o mundo e encher a súa alma de diferentes cores, olores, sons e imaxes, sempre desde a inocencia.

O OBRADOIRO

Nome do obradoiro: La Bócöque

Localización:

<http://labocoque.blogspot.com/>

<http://www.myspace.com/labocoque>

Tlfs: 665 409 100/665 156 595

Contacto: labocoque@hotmail.com




Entre fíos

Coa publicación de “Raizame do encaixe galego”, a artesá e investigadora **Concha Canoura** dá un paso de xigante para a preservación do oficio do encaixe galego.

Neste libro recompílanse 150 modelos tradicionais coas súas respectivas parellas.

○ **Seu traballo** é froito de máis de vinte anos de busca e de reprodución manual das pezas e reúne a parte teórica deste oficio, o epicentro do cal está na Costa da Morte, pero que se estende a outras zonas de Galiza, coma Ferrol ou Ourense. Un catálogo de luxo que estaba perdido nas casas e nos obradoiros das mulleres que seguen, hoxe en día, mantendo viva unha tradición que se remonta á Idade Media. Para a autora, o libro é unha homenaxe a elas e unha reivindicación do seu traballo, que as converte en verdadeiras artistas, moitas veces invisibles e case sempre inconscientes da importancia do seu labor.



Canoura recompila tipos de encaixe que, en moitos casos, estaban xa esquecidos na práctica diaria das mulleres da Costa da Morte.

Tecendo o patrimonio galego

Modelos diversos, técnicas complexas, deseños moi heteroxéneos e aplicacións variadas. Nunha época na que o encaixe é o protagonista das tendencias de moda e segue presente e está revalorizado como parte da roupa de fogar, dispoñer dunha publicación que catalogue a riqueza deste oficio en Galiza supón todo un luxo.

Como sinala a autora de “Raizame do encaixe galego”, Concepción Canoura, que naceu en Muxía e dende nena viu as palilleiras da Costa da Morte manter viva a arte do palillo, “estanse a organizar moitos cursos e están entrando en Galiza moitos libros e patróns do estranxeiro. Moitas veces escoitas a xente falar do que se fai fóra: “¡Que bonito este punto ou este remate!”, ignorando que iso tamén se fai aquí”. E non só os profanos, mesmo mulleres que levan traballando no encaixe toda a vida descoñecen o enorme patrimonio do encaixe galego.

De aí a inqueda de Concepción de ir aldea por aldea, casa por casa, para recoller calquera vestixio desta artesanía e realizar un compendio que lles permita ás mulleres que a traballan agora e ás xeracións vindeiras ter referencias exactas da variedade do encaixe galego e de como realizar cada un dos seus puntos. “Tratábase de recoller a maior cantidade de pezas, cruces e motivos dos que se foron perdendo debido á complexidade técnica. Tamén debuxos exactos e correctos, que se simplificaron, afastándose do esquema orixinal”, explica Concepción Canoura, quen engade: “Funo recompilando todo de xente que che dá anacos, fotocopias... unha muller que vai tirar un cartón vello e á que lle dis: “Oe, non o tires”, ou observando como resolvía un cruzamento aquela persoa ou aqueloutra....”

O último traballo de Canoura, que publicou outros tres libros sobre este tema con anterioridade, xunta as súas dúas facetas profesionais: a de diseñadora e a de investigadora. Nace do respecto cara á muller palilleira e tamén da rabia cara a quen, fóra de Galiza, opina que o encaixe galego é un oficio popular de baixo nivel técnico.


“Non é certo. Hai pezas dunha categoría técnica moi alta. O que acontece é que se perderon moitos modelos porque eran complicados e tiñan cruzamentos complexos e a xente, como o facía para gañar a vida, optaba polo máis sinxelo para subsistir. Así, o resto foise deixando de lado. Por sorte houbo persoas que gardaron cousas, aínda que non as seguisen elaborando”, subliña. Foi unha tarefa complexa rescatar todo ese material. Por un lado atopar esas mostras. Por outro, esmizalas e buscar o desenvolvemento técnico de cada unha delas.

A palilleira traballa por oficio, mecanicamente, dende nena, con mestría innata e intuición. “Moitas veces, elas mesmas non sabían como resolvían un cruzamento”.

Tiñamos que escanear cunha resolución moi alta, tiñámolas que ver no ordenador coa lupa, coller fíos de cores e facer o cruzamento. Despois elas repetían, tamén con fíos de cores, para comprobar como o fixeron. Grazas aos fíos vese perfectamente onde empezou un e onde remata o outro. Probar, falar con unha, falar con outra... darlles debuxos ou esquemas nos que se vexa o punto aberto e cada fío dunha cor”.

Non só na Costa da Morte

O oficio do encaixe desempéñao a muller e, como moitos outros traballos femininos, considerábase secundario e complementario na economía familiar. Estímase que hai arredor de tres mil persoas que desenvolven esta actividade na Costa da Morte. O epicentro é Camariñas e toda a zona constitúe o gran centro produtor de encaixe de Galiza. A pesar do



potencial humano e a tradición, elas mesmas, en moitos casos, resistense a se consideraren artistas emprendedoras, aínda que a formación, o asociacionismo e o valor que se lle outorga ao encaixe como parte do patrimonio cultural da Costa da Morte contribuíron a que se volva crer no oficio. Non obstante, a infraestrutura de negocio segue a ser feble e a competencia con outros mercados, principalmente o asiático, é voraz.

Pero o encaixe tradicional galego non é só orixinario da Costa da Morte. Como afirma Canoura, “hai outras zonas moi importantes e máis descoñecidas, coma Pontevedra ou Ourense, así coma Ferrol, no norte”. “O estilo do encaixe é moi similar en todas elas, pero en Ferrol hai tamén unha influencia de Cataluña, debido ao negocio da salgadura no porto. Nesta cidade houbo unha escola de artes e oficios e unha das súas especialidades era o encaixe, onde se ensinaban tamén modelos cataláns”, subliña a autora.



En todo o mundo hai un encaixe con modelos moi xeométricos e similares, que é o torchón, realizado cun fío máis goso. Tamén está o *guipur*, no que están especializadas outras zonas como Galiza, Almagro (Cidade Real) ou Le Puy (Francia). O noso encaixe garda moita similitude co francés (Cluny



coñecen detalles exactos seu nacemento fíxase na de cincocentos anos, comercial portuario Santiago. Segundo Canoura, xa encaixes no século moitos especialistas arte coma unha en Corcubión, Proba disto é cóengo da Catedral Ferreiro, afirmaba xa se traballaban o nacemento do oficio data.”Nalgunha ocasión vinculado a cando o Conde Terzos de Flandres, pero o encaixe estilisticamente non ten nada que ver co encaixe belga, que é moito máis barroco e do que se conserva moi pouco. O galego é un encaixe de *guipur*, moi similar ao francés. Unha proba diso é que aínda hai encaixes antigos realizados cun punto que os franceses chamaban “a venecia” e que aquí se perdeu. Hai mulleres que recordan como se traballaba cando elas eran nenas”, sostén.

Son esas e outras mulleres as que agora reciben o traballo de Concepción Canoura como auga de maio. Nel atopan novas ideas prácticas que, paradoxalmente, naceron nos seus mesmos talleres: “Dinme: ‘Mira, un patrón novo, un debuxo novo que traballar’. Valoran este libro dende o punto de vista da utilidade, porque lles dá deseños nos que se recoñecen e que nalgúns casos tiñan, pero estaban mal picados”, conclúe.

“XA HAI REFERENCIAS DO ENCAIXE GALEGO NO SÉCULO XIV, E, NO SÉCULO XV, MOITOS ESPECIALISTAS XA DESTACAN ESTA ARTE COMO UNHA INDUSTRIA IMPORTANTE EN CORCUBIÓN, BERGANTIÑOS E MUXÍA”

Le Puy) e, aínda que non se de como arrancou o oficio, o liña da historia hai máis vinculado ao intercambio e mais ao Camiño de explica Concepción hai referencias de XIV, e, no século XV, xa destacan esta industria importante Bergantiños e Muxía. que o historiador e de Santiago, López que alí, no século XV, bos encaixes. Polo tanto, é moi anterior a esta comentouse que estaba de Andrade marchou para os galego estaba aquí moito antes. E





“O principal valor do noso encaixe son as mulleres que se dedican a el”

Para Concepción Canoura, o encaixe galego é “unha xoia para o traballo da xente, que a pode levar a outro lugar”, se se lle dá o pulo necesario, xa que a súa zona natal, a Costa da Morte, xerou todo un patrimonio de modelos que, grazas ao seu traballo de investigación, están reunidos en catro publicacións. A última delas é “Raizame do encaixe galego”, a máis completa e unha síntese de todo un oficio, que se enfrenta ao reto dos novos mercados globais. En paralelo ao seu labor como autora, diseña e produce as súas propias creacións no seu obradoiro-tenda de Culleredo (rúa Alcalde Electo Carballo, número 30, baixo). Pertence a unha xeración de artesás motivadas pola tradición pero inquietas á hora de renovar as súas propostas. Un dos seus traballos anteriores, “Fíos e cores”, tivo como obxectivo “darlle un novo aire ao encaixe”, cambiando cores, mudando formas e facendo novas propostas de deseños e de pezas. Tanto en “Raizame do encaixe galego” coma no “Catálogo do encaixe galego tradicional” (a súa segunda publicación) recompila moitos modelos tradicionais do encaixe galego que,

ou ben se perderan totalmente ou ben estaban mal traballados ao se ir deteriorando os cartóns orixinais e, con eles, os detalles que enriquecían os deseños.

🗨 Por que te embarcaches neste proxecto de investigación?
Trátase de algo persoal, porque eu nacín en Muxía e alí ves o encaixe dende que naces. Hai 17 anos fun contratada como monitora da primeira escola-obradoiro de Camariñas, como monitora de deseño. En principio ía dar deseño exclusivamente pero decidín investigar sobre o encaixe, un tipo de artesanía que mestura a idiosincrasia das mulleres da zona cunha fonte de patrimonio histórico.

🗨 Cal é o principal valor do noso encaixe?
Para min é unha auténtica potencia en bruto que ten a zona e que, aínda que hai moita xente que a practica, está subexplotada. Dispoñemos dun ben que é o máis importante: o factor humano. A riqueza máis importante son os recursos humanos que hai na zona. Un montón de mulleres que fan encaixe dende

nenas e cunha rapidez e cunha axilidade que non existe en ningures.

🗨 Como se valora o encaixe fóra de Galiza? De momento, no exterior, descoñécese moito. E a propia xente de Galiza ignoraba o que tiña. Valorábase como un encaixe popular, pero hai pezas que son moito máis ca iso, e o encaixe ten outro nivel descoñecido.

🗨 Segue a ser adquirido nos municipios da Costa da Morte pola poboación autóctona, máis alá da venda ao turista ou ao visitante? Hai pouco, falando cunha persoa dunha asociación, dicíame que dende hai uns anos notan que teñen máis clientes da zona e a xente vólveo querer como regalo de voda ou para eles mesmos. Niso melloramos moito porque houbo unha época de menosprezo. E se ti regalas algo é porque o valoras.

🗨 Explicanos como realizaches tecnicamente este libro.
Todo está feito con ordenador a través programas de arquitectura. Combino a realiza-



ción manual coa informática. Fas bosquejos e algúns valos madurando. No libro recolléronse 150 modelos coas súas parellas (outras 150). E tamén os cruzamentos e cortes, nos que se especifica que fío pasa por abaixo e cal pasa por riba. É un traballo moi lento.


☉ Cal era a aplicación que se lle daba tradicionalmente ao encaixe?
Orixinalmente, fogar e roupa. Primeiro para os reis e para a nobreza, e despois, converteuse en popular.

☉ Hai publicacións antigas que recolleran os patróns e os difundiran entre os especialistas? Antigamente había unhas revistas que circulaban con modelos, moitos deles impracticables, pero outros moi similares aos que se chegaron a facer por aquí, en Almagro, en Cataluña e noutras partes. En Cataluña facíanse moi perfectos, chegou a haber verdadeiras naves realizando encaixe de palillos.

☉ Mantense como negocio en Francia ou Cataluña?



Na súa tenda-obradoiro de Culleredo, na Coruña, Canoura reproduce e amplía con programas informáticos pezas previamente escaneadas, para analizar así como se fixeron os cruzamentos.





●●● En Francia mantense, en zonas como Le Puy ou Cluny, pero máis coma un artigo escaso cun prezo elevado. En Cataluña queda moito menos e a un prezo moi alto, porque hai máis traballo noutros sectores para unha muller e fórono abandonando. É a cara e a cruz de por que perdura aquí o encaixe.

🗨️ Quen realizaba os deseños que as mulleres traballaban?

Houbo artistas, chamados picadores, un oficio que facían moi poucos homes. En Muxía, durante unha época, houbo moitos debuxos dun picador valenciano chamado Aranaz. Creaban os deseños, arranxaban os que xa estaban feitos ou modificaban un deseño que xa estaba feito. Pero ao haber tan poucos especialistas, cando se deterioraban os debuxos, non sempre se podía recorrer a eles. Eu mesma vin un montón de picados remendados con caixas de zapatos ou con pel de porco. Remendos cosidos a base de buratos, metendo outro anaco por debaixo.

🗨️ Como deseñadora, tes propostas de encaixe moi diferentes e empregas tamén a cor no fío.

Moita xente chámache pouco menos que herexe, pero a cor non ten nada que ver coa esencia do noso oficio. A min gústame o encaixe en branco, pero pode que na miña casa prefira unha cortina verde ou azul ou que non a queira toda con puntilla arredor. As miñas propostas son para un consumidor totalmente diferente, porque a xente asocia demasiado o encaixe coas avoas ou coa xente


maior. E dá para moito máis. Na casa, na moda, na roupa de bebé, nunha saba... pódelle dar outro aire.

🗨️ Cal é o noso principal mercado?
O actual mercado está en Galiza e no resto do Estado, mentres que a principios de século estaba en Latinoamérica.

🗨️ Estase a actualizar o deseño?
O oficio perdura, pero a xente que se dedica a iso é unha poboación envellecida. O relevo xeracional é posible mentres haxa escolas e hai nenas que, aínda que despois non o vaian facer dunha forma profesional, están a continuar co oficio. O que acontece é que necesitan gañar diñeiro con el, porque senón buscan outro emprego. Para isto é importante actualizarse e venderse mellor, tanto nos deseños coma na presentación, no empaquetado... Neste sentido, evóluciónase moi pouco a pouco, aínda que nos últimos anos se están a abrir un pouco máis. O encaixe non é só o encaixe en si, ten que ter deseño, por moito que existan verdadeiras xoias nas propostas antigas.

🗨️ Que posibilidades ten unha persoa nova que queira emprender un negocio a partir deste oficio?
Podes facer algo totalmente novo. O encaixe pode dar moito máis de si e é un tipo de produto moi maleable ao que lle podes facer moitísimos cambios tanto nos tecidos coma nas cores, na forma de colocalos, na combinación con flocos, vainicas ou bordados...

De esquerda a dereita:
a autora do libro Concepción Canoura,
a directora xeral de Comercio,
Ana Rúa Souto, e a xerente da
Fundación Centro Galego da Artesanía
e do Deseño, Maruxa Ledo Arias.



publicación

O COMPRENDIO DO OFICIO DO ENCAIXE GALEGO

Título: "Raizame do encaixe galego"
Autora: Concepción Canoura Leira
Editado por: Consellaría de Innovación
e Industria. Xunta de Galicia.
Data: 2008



Ana Rúa Souto, directora xeral de Comercio

"A artesanía galega
marca a diferenza
nos mercados"

☞ A piques de rematar a primeira legislatura do bipartito, a directora xeral de Comercio, Ana Rúa Souto, analiza as actuacións desenvolvidas dende o seu departamento para apoiar a artesanía en Galiza, confía nas posibilidades do desenvolvemento económico e empresarial deste sector, mesmo en épocas de crise económica, e insiste en poñer de manifesto a diferenza que existe entre o prezo e o valor das pezas resultantes do traballo artesanal.

O noso obxectivo é fomentar non só a calidade puramente artesanal (do traballo manual e dos saberes transmitidos de xeración en xeración) destes oficios senón tamén o valor inherente de cada unha das pezas que se elaboran e que contan con valores engadidos relacionados coa nosa cultura e coa nosa identidade.

Consideramos que a artesanía marca a diferenza nos mercados porque ofrece pezas de altísima calidade – tanto nos materiais coma nos procedementos artesanais – que ao tempo son interpretacións propias e visións artísticas dende un país cunha cultura propia e cunha ampla tra-

dición artesanal. Conseguir que a sociedade, a galega e a de todo o mundo poida coñecer o traballo dos nosos artesáns, que o valore e que adquira as súas pezas, é un empeño da Dirección Xeral de Comercio.

☞ Cales son as actuacións en materia de artesanía das que se sente máis satisfeita?

Cando un recibe unha encomenda nunca se debe sentir completamente satisfeito, así e todo, neste curto período de tempo levamos realizado unha serie de actuacións importantes de cara ao presente e sobre todo de cara ao futuro do sector artesán. O feito de que os nosos artesáns dispoñan todos os anos dun calendario de cursos de formación de acordo coas necesidades por eles expresadas é algo que antes non existía e é importante para o seu progreso como sector.

Doutra banda, a creación dun calendario de feiras de artesanía no interior de Galiza coas que colaboramos, así como o programa de feiras internacionais que lle permite aos nosos artesáns divulgar e comercializar o seu traballo no mercado exterior e amparados baixo un stand institucional.

Outras iniciativas como a realización de campañas permanentes de promoción do sector, a creación dos premios Artesanía de Galicia, a posta en marcha desta revista semestral, que é unha referencia para o sector, así como a posta en marcha dunha páxina web ou a creación da primeira feira internacional de artesanía de Galiza, son actividades que sentan as bases para fomentar unha maior introdución da nosa artesanía na propia sociedade galega e no mercado internacional, fundamental para que se conserve a artesanía como actividade económica.

☞ Fai fincapé na necesidade de visualizar o traballo dos nosos artesáns na sociedade galega, mais ao final, como é obvio, o importante é que vendan o seu produto. No eido da comercialización, cales son as principais actuacións do seu departamento?

Estamos a traballar en base a dúas liñas de actuación diferenciadas. O apoio á comercialización fóra de Galiza estámo-lo a centrar na presenza institucional da marca Artesanía de Galicia en feiras profesionais e de venda directa de recoñecido prestixio, a través dun stand institucional da marca creado especificamente para tal finalidade. A asistencia a estes eventos permítenos introducir o produto artesán galego tanto no mercado estatal coma no internacional, ao tempo que lle brindamos aos artesáns que viaxan no stand a oportunidade de establecer contactos e de abrir canles de distribución do seu traballo no exterior. En todo caso, teño que salientar un dato importante: durante 2007 e 2008 acudimos co antedito stand a 4 feiras estatais e 7 feiras europeas de ámbito internacional, nas que participaron un total de 72 artesáns. Obviamente estas actuacións terán continuidade no vindeiro ano. En canto á comercialización no interior de Galiza, teño que dicir que estamos moi satisfeitos, pois vimos de rematar unha campaña dirixida aos puntos de venda – e nas que visitamos un total de 739 establecementos comerciais – para fomentar o uso da marca "Artesanía de Galicia", o que implica a obriga para os establecementos comerciais que así o reclamen, da comercialización de pezas de, ao menos, cinco artesáns galegos. O resultado non podía ser mellor: pasamos de 10 tendas inscritas a contar con 108. Por outro lado, sinalar que nos dous anos anteriores colaboramos nun total de 13 feiras galegas e, agora mesmo, estamos cunha campaña de promoción dirixida aos consumidores, a través de publicidade na rúa e nos medios de comunicación. Trátase dunha campaña dunha grande forza visual que agardamos que funcione ben para o Nadal.

galeria



arela

Cadeaux à p'Art, Burdeos 2008





plata nativa

Iberjoya, Madrid 2008



artesanos de vigo

L'Artigiano in fiera. Milán 2008



charamusca

Mostra Internazionale de Artesanía, Florencia 2008

L'Artigiano in fiera, Milán 2008





jürgen bott-el otro vidrio

L'Artigiano in Fiera, Milán 2007 e 2008



auga

Cadeaux à p'Art. Burdeos 2008

L'Artigiano in fiera, Milán 2008



clavo metal

L'Artigiano in fiera, Milán 2008

henry huamán

Mostra Internacional de Artesanía, Florencia 2008

Macef, Milán 2008

Cadeaux à p'Art, Burdeos 2008





kristall

Intergift. Madrid 2008



sanín

Cadeaux à p'Art, Burdeos 2008



logaro

L'Artigiano in fiera, Milán 2008



suso calo

L'Artigiano in fiera, Milán 2007

Feira de París (Arts & Crafts), 2008





fotografías de "galería" realizadas por Xoán Piñón

Memorias dun mestre cesteiro

Preservar o oficio da cestaría é o labor do **Centro de Artesanía Tradicional de Vigo, CAT**, que dende 1998, continuou o traballo iniciado pola Casa do Cesteiro. Xunto cun programa de formación, o equipo do CAT encárgase de recuperar antigas pezas que, co tempo, deixaron de elaborarse. Un dos seus profesores, o mestre cesteiro Antonio Suárez Dávila, coñece a técnica e o deseño deste oficio artesanal á perfección, ademais de recordar as principais aplicacións da cestaría ao quefacer diario das xentes no campo, no mar ou na cidade. El é o terceiro membro dunha xeración de artesáns que viviron na rúa dos Cesteiros de Vigo o momento de maior eclosión e a posterior decadencia deste negocio, unha actividade que sobrevive grazas a profesionais coma el.

Hai algo máis dun século na rúa dos Cesteiros (entón rúa Amargura), no Casco Vello da cidade de Vigo, concentrábase a actividade comercial da cestaría na cidade industrial. Arredor de vinte familias dispoñían de postos onde vendían todo tipo de cestas, algunhas máis habituais, coma os canistrelas ou as cestas de lazo, que se utilizaban para levar produtos do campo ao mercado ou para levar a roupa ao lavadoiro no momento de facer a coada; outras, como a cesta ferroviaria, viaxaban no tren ou na parte traseira da bicicleta coa comida dos traballadores do ferrocarril ou da construción. “Os canteiros levábana á obra. E na súa versión máis grande, usábaa a xente durante a época do estraperlo en Portugal. Consegúan un dobre fondo e metían alí os quilos de café. Era unha das cestas máis demandada nos anos 40 e 50, podías pasar meses facéndoas. Naquela época, cando era novo, cada un de nós facía catro ou cinco cestas”, recorda Antonio Suárez Dávila, mestre de cestaría, un oficio que herdou de seu avó e de seu pai e a cuxa recuperación está totalmente dedicado a través do Centro de Artesanía Tradicional (CAT) do Concello de Vigo.

Aos seus 66 anos, Antonio compaxina a docencia e investigación no CAT, durante as mañás, coa venda de cestas na súa tenda na rúa dos Cesteiros, tal e como facían os seus antecesoros. “É moi difícil vivir hoxe en día con este oficio. Esta rúa é un exemplo claro diso. Era toda de cestaría, na que os cesteiros estaban permanentemente a traballar. A cesta utilizábase para as compras, para as vendas das aldeas no mercado, para a casa... pero a chegada do plástico mudouno todo. E coa importación, as regras do xogo cambiaron totalmente”, apunta. Grazas ao negocio de Antonio Suárez, un dos catro que seguen en activo na emblemática zona viguesa, podemos ver algunhas das pezas que se tecían no século pasado. Por exemplo, un axóuxere, un xoguete para nenos realizado en vimbio pelado, ou unha cesta de dúas tapas, que utilizaban as mulleres para ir ao mercado ou á feira, así como as familias para ir de merenda. “Tamén se forraban garrafas para que os mariñeiros as levasen para o mar. E mesmo se facían canastras de Nadal. Estar no centro de Vigo, preto do posto e nunha zona de tanta actividade, permitíache estar en contacto cunha enorme variedade de cestos, o cal che daba un amplo coñecemento do oficio”, subliña. Todas estas pezas trabállanse no CAT, a través da formación. Cursos de 40, de 60 ou de 100 horas aos que acoden todo tipo de alumnos. O curso pasado asistiron 80 persoas ás clases. Na escola, a xente aprende o oficio, pero só uns poucos se animan a vender nas feiras. Tal e como explica Antonio, a cestaría é un oficio complexo que se aprende cos anos e que conta cunha ampla variedade de cestos e de tecidos, dependendo da zona de Galiza. Todos eles e non só os do sur, estúdanse e trabállanse na escola viguesa, unha das poucas que preservan a identidade desta arte. “Na zona norte, en puntos clave coma Viveiro ou Carballo, elaborábase un tipo de cestaría que non ten nada que ver coa que traballamos os profesionais do sur, aínda que despois o uso era o mesmo”, detalla Antonio: “Aquí en Vigo traballábase moito cos vimbios pelados, mentres no norte se utilizaba moito o vimbio con pel e o xeito de tecer era diferente. Había tres ou catro tipos de cestas que se repetían, non había tanta diversidade”.

Como exemplo pon os paxes de Carballo, o paxe da Coruña ou os paxes das cunchas de Viveiro, empregados para mercados e feiras, para transportar o peixe ou para os labores de marisqueo. Estes tres modelos ben realizados só con varas ou ben mixtos, coma os mencionados anteriormente, aparecen recompilados na publicación “A colección de cestaría tradicional do Concello do Vigo”, que forma parte do labor divulgativo do CAT. Tal e como se expón neste libro, tamén no norte de Galiza había un alto nivel de profesionalización



O artesán Antonio Suárez é un dos últimos cesteiros profesionais en activo e procede dunha familia na que tres xeracións viviron deste oficio.

dos artesáns, que facían grandes cestos de oitenta ou cen quilogramos para transportar o peixe dos barcos. “Traballan o que se denomina un mesado, é dicir, sobre unha mesa, na que primeiro tecen as paredes e despois o fondo; mentres que no sur primeiro tecemos o fondo e despois as paredes. No taller-escola do CAT ensínase a traballar en vimbio e en madeira aberta de castiñeiro ou de carballo (característico da zona de Lugo), así como a cestaría mixta, con madeira e vimbio”, di Antonio Suárez, coautor desta publicación xunto con Alberte Román Losada e Manuel Estévez Caride. O Centro de Artesanía Tradicional abriu as súas portas en agosto de 1998 e o gran soño de Antonio Suárez é que se traslade á rúa dos Cesteiros, zona turística e de paso para vigueses e visitantes. Alí tamén se imparte formación máis especializada para xente que aprendeu a base do oficio pero quere complementar o seu coñecemento, resolver dúbidas técnicas e aprender algo máis. Son catro ou cinco persoas que se achegan, consultan os seus problemas ou preguntanlle a Antonio como se deben afrontar a algún encargo de maior complexidade ou de gran tamaño.

“O centro funciona moi ben e está a crecer. Ensínanse tamén novos oficios, recibimos moitas visitas de colexios e non hai persoa que se apunte ao curso e que deixe de ir. Están toda a mañá alí e fáiselles curto. É un oficio que enganxa. Ensínanche moitas actividades, moitas maneiras de tecer... e mesmo temos unha plantación de vimbio para traballar con ela”.

"A CESTARÍA É UN OFICIO COMPLEXO QUE SE APRENDE COS ANOS E QUE CONTA CUNHA AMPLA VARIEDADE DE CESTOS E DE TECIDOS EN TODA GALIZA"



O Centro de Artesanía Tradicional de Vigo imparte formación en cestaría e promove a investigación para preservar as técnicas deste oficio.

Cestóns para toda a vida

“Meu pai seguiu co oficio de meu avó. Naquela época moitas familias vivían del. Nós fomos seis irmáns e saímos adiante co negocio. Era traballar, traballar e traballar. O único que continuou coa tradición na familia fun eu. Era o maior, xunto con miña irmá, e antigamente tirabamos do resto. lamos ao colexio de noite e dende os oito anos estabamos a traballar”.

Antonio Suárez Dávila fala con certa nostalgia do traballo do cesteiro. Coa importación oriental, foi progresivamente deixando de ser rendible e ve como se perde como negocio, aínda que se preserve como oficio. Percorreu todo o Estado e boa parte de Europa, tomando nota, visitando as fábricas de cestaría e analizando o seu papel nas economías de moitos núcleos rurais e urbanos. “Antes traballábase moito mellor, sobre todo á hora de tecer e de facer as cestas. Había aldeas dedicadas completamente á cestaría, por exemplo na zona de Valencia, en L'Ollería ou Vallada, que percorrín nos anos sesenta. Daba gusto velos traballando, non só aos homes, senón tamén ás mulleres e á xente maior. Non elaboraban a cestaría bruta senón a máis refinada. Agora instaláronse alí os bazares orientais”. Tal e como recorda Antonio, naquela época había familias e aldeas dedicadas a este oficio e era o almacenista quen recollía das casas o material para distribuílo polo resto do Estado. A partir dos anos 80, e mesmo antes, eses almacenistas empezaron a buscar a mercadoría máis barata e iso xerou destrución de postos de traballo ademais de poñer en perigo o patrimonio artesanal. “Queda unha aldea salmantina, Villoruela, na estrada de Salamanca a Ávila, na que seguen traballando, aínda que cada vez menos”.

En Galiza, o oficio da cestaría é moito máis disperso e, unha importante proporción das pezas que se realizaban, eran para autoconsumo, para envolver os produtos do campo, para se protexer do frío, para ir mariscar ou pescar, para acudir ao mercado, para facer coada ou para vendimar. Un grupo de familias, como a de Antonio Suárez, dedicouse profesionalmente á venda. De feito, sostén, a zona máis concentrada no que respecta á produción era Vigo. “Outras localidades como Gondomar especializáronse nos cestóns, cunhas trinta persoas traballando neles”. Moitos dos últimos cesteiros galegos teñen unha orixe común. Mergullándose na xenealoxía, o avó de Antonio e os antepasados dos dous últimos profesionais deste traballo na Coruña (que ata hai pouco aínda estaban establecidos nas rúas Panaderas e Cordelería) viñeron dende Portugal, concretamente dende a Serra da Estrela, o lugar máis alto do país veciño onde hai unha aldea, Pousado, que se segue dedicando á cestaría.

No seu obradoiro, polo que pasaron xa tres xeracións, consérvase unha máquina de máis de cen anos para cortar o vimbio. Na súa familia, a cestaría era cousa de homes. ¿Ou estaba detrás o coidado non? En realidade, súa nai sempre preparádoos todo, ademais de asumir do fogar e da familia. “Na rúa era todo masculino, pero despois, na casa, miña nai facía os fondos e, durante 60 anos, ademais de criar os seus seis fillos preparaba o material, tecía, e facilitaba o traballo de meu pai”, conclúe.

xeracións, consérvase para cortar o vimbio. de homes. ¿Ou estaba detrás o coidado



Dos Pireneos á Ribeira Sacra

Dobre tradición: a artesanía catalá e a galega. Dobre oficio: a cestaría convivindo co téxtil, profesión á que se dedica a súa compañeira Anna Champeney. O cesteiro **Lluís Grau** multiplicou por dous en Galiza o seu talento, servindo de ponte entre diferentes culturas e enriquecendo a herdanza local. Dende o seu obradoiro na Ribeira Sacra, onde se asentou no ano 2000, aplícalle técnicas inglesas, francesas, catalás e galegas á realización de cestos, obxectos dos que destaca que xuntan “dous elementos que van moi unidos: a utilidade e a beleza”.

Na terra do viño ourensán, na beira do río Sil, sitúase a Ribeira Sacra, un dos principais paraísos naturais de Galiza. Ata alí trasladáronse no ano 2000 Lluís Grau e Anna Champeney, unha parella de catalán e británica, respectivamente, dedicada ao traballo artesanal. El, cesteiro; ela, investigadora e tecedora, con amplos coñecementos sobre a tradición téxtil galega, froito dos seus traballos doutorais en Santiago de Compostela e nos Ancares.

Lluís Grau, barcelonés, aprendeu o oficio da cestaría rural catalá nos anos 80 en Lleida, onde realizaba cestos para os panadeiros e os agricultores, entre outros veciños da zona. “A xente, cando se lle estragaba un, viña e comprábache outro. Vivía diso. Aquí, en Galiza, esta artesanía esperta un enorme interese entre os turistas, moitos deles estranxeiros, que valoran moitísimo o cesto artesanal como un obxecto precioso”, explica. Aínda que especialista en cestaría catalá (de vimbio ou vimbio con cana mediterránea, representativa do Val de Arán e Pireneos), Lluís realiza nestes momentos unha cestaría máis característica de Galiza, realizada a base de tiras anchas de madeira.

Todo un reto, xa que este material é “máis laborioso, e a xente tenlle máis medo tanto pola súa dificultade coma polo prezo. A madeira



haina que coller, abril, traballala, trenzala e rematala”. Sostén que a cestaría de madeira “está de moda”, xa que é unha forma de aproveitamento racional dos bosques. De feito, o próximo ano, ten xa comprometidos varios cursos de formación para optimizar o uso artesanal da madeira do carballo. Grau tamén traballa coa abeleira e co castiñeiro, entre outros materiais.

Forma parte da British Basketmakers Association e da Associació Catalana de Cistellers e a súa pertenza nestas entidades permite que o seu traballo como artesán e como docente sexa coñecido en todo o mundo e forme parte do cadro de docentes de eventos coma os York Spring Courses, a próxima edición do cal terá lugar do 29 de marzo ao 3 de abril de 2009. Lluís Grau transmitirá alí os seus coñecementos sobre cestaría tradicional galega, como parte dun profesorado internacional de países como Gran Bretaña, Suíza ou Letonia. Para el sería sinxelo seguir traballando en vimbio e realizar os cestos da súa zona natal, pero iso vai en contra da súa propia natureza emprendedora. “Cando chegamos, empezamos de cero. Tivemos que aprender as técnicas locais, organizar o noso obradoiro (o seu sitúase hoxe nunha antiga forxa), restaurar a casa e empezar a gañar a vida”, relata: “Sigo facendo os

cestos cataláns, pero quero vender as cousas representativas da zona na que vivo, da mesma forma que aspiro a falar perfectamente a lingua do lugar no que agora estou establecido. Por iso quero seguir en Galiza, afondar máis na cestaría galega, e gozar da liberdade suficiente para poder investigar. É un luxo poder descubrir cousas novas a diario”. Escollendo a cestaría como medio de subsistencia é pouco o tempo libre do que dispón o artesán catalán para ampliar o seu coñecemento. Pero, durante as fins de semana ou ao regresar dalgún evento, el e a súa compañeira Anna Champeney visitan cesteiros e tecedoras que preservan o oficio en Galiza. “A cestaría de madeira está no seu último suspiro. A xente aprende a facela pero case ninguén a incorpora xa ás súas técnicas”. De aí o seu empeño en conseguir unha maior unión entre os profesionais que están a pelexar por protexer este oficio na comunidade galega, para preservar a súa memoria, os detalles da súa realización e os pasos para levantar cada unha das pezas. “Hai que facer promoción da cestaría de madeira pola súa beleza e pola súa resistencia, que a converten nunha peza próxima a un moble. É fundamental que a xente a valore e que a sinta como algo propio”, conclúe.

A súa peza favorita: a patela

Lluís Grau realiza no seu taller de Cristosende unha ampla gama de cestos da tradición mediterránea: para recoller amorodos ou cogomelos, para ir de compras, para transportar a palla, para o campo, ou un dos máis singulares, o cesto “pelapatacas”. Tamén deseña e fabrica cestaría por encargo para o fogar: para a roupa, para a cocíña e para o cuarto de baño. A súa clientela en Galiza é selecta. Xente de clase media e alta, cun elevado nivel cultural, tanto do estranxeiro coma das zonas urbanas galegas. O cesto tradicional galego favorito de Lluís Grau é a patela. “É dunha beleza extraordinaria, mesmo miniaturizado. Encántame pola súa simplicidade, e aí radica precisamente o complicado de realizalo: as súas formas simples”, destaca. A patela é unha das pezas máis emblemáticas da cestaría galega. Utilizábase nas zonas de costa para descargar e transportar o peixe dos portos. Agora, é unha peza versátil e multifuncional en calquera fogar, por exemplo como froiteiro.

Outra das pezas de madeira máis representativas é o culeiro, que se empregaba para a vendima en Ourense, na zona onde Lluís Grau estableceu a súa vida e o seu negocio. Un cesto que, para o catalán, “é moi curioso polo difícil de que perdure e de lle atopar unha utilidade na sociedade actual”.



Varios cestos galegos realizados por Lluís Grau entre os que destaca, enriba, unha patela, que se empregaba para levar o peixe.




UNHA NOVA PROPOSTA DE TURISMO ARTESANAL

O obradoiro de Lluís Grau está en Cristosende, unha aldea ourensá da Ribeira Sacra. El mesmo, xunto coa británica Anna Champeney, arranxaron as casas e os obradoiros nos que residen e traballan. Un espazo tranquilo no que ademais investigan e tamén imparten formación e seminarios de cestaría e de tecido téxtil a todos aqueles interesados en gozar da natureza, en descansar e, ao mesmo tempo, aprender un oficio artesanal. Con este fin, restauraron unha casa de vacacións, situada preto dos talleres e perfectamente acondicionada para desenvolver a creatividade.

O OBRADOIRO

- **Enderezo**
Lluís Grau:
Cristosende 76
32765 A Teixeira
Ourense
- **Contacto:** 988 207 404
- **e-mail:** lluisyanna@terra.es
- **web:** www.lluisgrau.com
www.casa-dos-artesans.com



Varias imaxes da lámpada
"Guau", deseñada polo colectivo
El último grito para a firma
Arturo Álvarez.

O

deseñador Arturo Álvarez levantou en 1994 en San Miguel de Sarandón (Vedra), a escasos quilómetros de Santiago de Compostela, a súa propia empresa dedicada á realización e á comercialización de lámpadas artesanais. Empezou traballando o vidro plano, pero co tempo foi mesturando e buscando outras materias primas (mosaico, silicona, polipropileno...) para conseguir os volumes e os efectos que requiren as súas ideas. Unhas veces, pezas concretas. Outras, proxectos de iluminación completos para hoteis, establecementos ou museos.

Entre os seus traballos máis recentes está a iluminación de varios hoteis, coma un AC en Barcelona, o Westin de Dubai ou un complexo de apartamentos en Cancún (México). E, como mostra da persoal pola arte aplicada á función, o Design Museum de Londres contou tamén “Guau” de El Último Grito (un colectivo de deseñadores que realiza creacións para a exposición “Design Cities”, que dende o 1 de setembro e ata o 4 de xaneiro de 2009

do deseño contemporáneo a través de sete

Xunto cun catálogo estable con pezas como “Nevo”, “Gea”, “Gilda”, “Vento” ou “Greta”, todas elas coa súa propia personalidade e moi diferentes entre si, Arturo Álvarez segue a investigar novas propostas. “Actualmente, estou a traballar nunha luminaria moi viva, con moito movemento, a partir dun novo material moi translúcido pero que, á vez, me permite conseguir uns efectos de luz moi interesantes”, afirma.

Faise a luz

minación de varios hoteis, coma un AC en Barcelona, o Westin de Dubai, o Sheraton de Dubai ou un complexo de apartamentos en Cancún (México). E, como mostra da persoal pola arte aplicada á función, o Design Museum de Londres contou tamén “Guau” de El Último Grito (un colectivo de deseñadores que realiza creacións para a exposición “Design Cities”, que dende o 1 de setembro e ata o 4 de xaneiro de 2009 do deseño contemporáneo a través de sete cidades clave. Xunto cun catálogo estable con pezas como “Nevo”, “Gea”, “Gilda”, “Vento” ou “Greta”, todas elas coa súa propia personalidade e moi diferentes entre si, Arturo Álvarez segue a investigar novas propostas. “Actualmente, estou a traballar nunha luminaria moi viva, con moito movemento, a partir dun novo material moi translúcido pero que, á vez, me permite conseguir uns efectos de luz moi interesantes”, afirma.

“Divírteme buscar materiais cotiáns e darlles outros usos”

🗨 Como naceu o teu interese pola lámpada como elemento decorativo e artístico á vez?

Foi absolutamente casual. Dende moi novo intereseime por técnicas manuais tradicionais, a partir do avó e do pai carpinteiros que me permitiron traballar e xogar con ferramentas dende neno. Case de casualidade caeu un anaco de vidro nas miñas mans e empecei facendo distintos obxectos. Un mestre artesán ensinoume a técnica e, a partir de aí, do que ao principio foi un xogo co vidro, de valorar a súa transparencia, luz, etc., xurdiu a idea de facer unha lámpada...

🗨 Nunca fixeches incursións noutras áreas do deseño?

Suxeríronmo nalgunha ocasión e tamén o pensei. Como comentaba antes, o feito de ter contacto coa madeira fai que me guste moito o deseño de mobles. Pero ao final pensei que é mellor perfeccionarme e buscar o desenvolvemento máis alto do que sexa capaz na miña área, que é a iluminación, antes de explorar outras. De todos os xeitos, nunca se sabe...

🗨 Que papel xoga a luz na nosa cultura?

Sempre me interesou plasmar nas miñas luminarias un xogo de claroscuras, de misterio, de luces e de sombras, xogar con luz tamizada e indirecta. Mesturar o branco e o negro como unha forma de buscar o equilibrio. Non sei, supoño que o clima, a alternancia de días claros e escuros teñen que ver con isto.


🗨 A través da túa empresa comercialízase o traballo de catro deseñadores, un deles vostede (Arturo Álvarez, Hector Serrano, El Último Grito e Martín Azúa). Que teñen en común para lle proporcionar unidade á marca Arturo Álvarez e, ao mesmo tempo, que é o que os diferencia e fai especial a obra de cada un deles?

A min gústame falar dun proxecto común, que é a marca Arturo Álvarez, cunha personalidade moi forte e ben consolidada ao longo dos anos. Cos deseñadores cos que estamos a traballar falamos moito sobre esta empresa, o que se fixo ao longo dos anos, cal é o seu espírito e cara a onde queremos camiñar. Todos eles o comprenderon e lograron facer uns deseños moi bos, dos que nos sentimos orgullosos, porque realmente cumpren co espírito desta empresa: deseñar obxectos únicos, moi diferenciados, con grande personalidade e respectando unha produción manual, que é outra das nosas características. Non obstante, cada deseñador tamén imprimiu a súa propia visión e personalidade, o que tamén é un engadido de frescura para a marca.

🗨 A túa obra está presente en diferentes espazos públicos e museos. Realizas a peza a partir do edificio ou da sala na que se vai situar ou son adquisicións que che fan do teu produto?

Hai dúas maneiras de traballar: nun caso solicitánnos pezas nosas tal e como son, para formar parte dunha exposición, cunha temática determinada. O segundo xeito é realizar unha montaxe lumínica arredor dunha idea ou dun concepto. Nunca xurdiu a idea de que un espazo provoque un deseño senón máis ben sempre é un tema ou unha idea a partir da cal se traballa.

🗨 Implicáste na situación exacta das lámpadas en cada espazo persoalmente?



Se se trata dunha montaxe facémolo todo nós, e si, implícome persoalmente ata o último detalle. Se é unha exposición nun museo, é o comisario do evento o que escolle as pezas e o que se encarga da montaxe.

🗨 Cales son os principais materiais que empregas?

Ultimamente o que máis me interesa e divírteme é buscar materiais de uso cotián, sinxelos, para lles dar outros usos. Tamén me gusta mesturalos e conseguir un novo material. Nun principio só usaba vidro plano; co tempo necesitei explorar outros materiais que me permitisen conseguir volumes e outros efectos.

🗨 Como inflúe o ámbito no que traballas –Galiza, a súa natureza e a súa cultura– nos teus deseños?

Galiza está absolutamente impregnada no meu traballo: a súa paisaxe, a miña infancia, os seus olores, as súas cores, a cultura, a historia... Pero, como xa dixen noutras ocasións, os deseñadores somos persoas que nos nutrimos de moitas fontes, de experiencias, de vivencias, de viaxes, de museos, doutras culturas, etc, onde nada se pode separar.

🗨 Cales son os principais clientes da túa firma?

Os clientes ao longo de 14 anos cambiaron, porque tamén foi variando a liña de deseño da empresa. Empecei cunhas lámpadas que recordaban os estilos *art decó* e *art nouveau* e funme enfocando, co tempo, cara a estilos máis contemporáneos.



Á esquerda, a lámpada "NIM",
e sobre estas liñas, a figura
"IKI", ambas creacións de Arturo
Álvarez. Á dereita, "V", de Héctor
Serrano, outro dos autores que lle
achegan o seu traballo
á firma compostelá.





GILDA (Arturo Álvarez)

O toque *glam*. "Gilda" busca chamar a atención e engadirlle á súa función de peza de iluminación un forte compoñente decorativo. É unha peza diferente e atrevida, que rememora a sofisticación do cinema dos anos 50 e o *glam-rock* dos anos 70.



LÚA (Martín Azúa para Arturo Álvarez)

Natureza en estado puro. Poucas veces temos a posibilidade de ter tan preto a lúa ou de poder abrazala e integrala nun espazo terrestre. Iso é o que nos permite este traballo móbil, feito por Martín Azúa para a firma Arturo Álvarez. Unha mestura entre lámpada e obxecto decorativo.

●●● Imaxino que isto foi unha evolución natural, non me gusta encadrarme, facer sempre o mesmo. Son curioso e gústame explorar técnicas, novos materiais, novos usos de materiais cotiáns... Os clientes que conservamos dende hai tempo son as tendas especializadas en iluminación e en decoración de alto nivel. É unha carteira moi estable que só compra produto de moi alta calidade e de deseño.

☞ Cales son as túas pezas fetiche, as que máis te identifican?

Os deseños son como os fillos: quéreselles a todos por igual, pero digamos que aqueles deseños que foron marcando cambios importantes na miña carreira e quizais por isto teñan un valor especial son "Curvas", "Bety", "Gea" e "Nevo". "Curvas" é unha das miñas primeiras creacións e segue a ser moi ben acollida polo público a pesar do paso dos anos. "Bety" marca o camiño cara á exploración doutros materiais e tamén supón o recoñecemento dos críticos, "Gea" e "Nevo" son dos últimos anos e están feitas nun novo material que tardei dous anos en desenvolver e están a ter moito éxito.

☞ A túa marca achega o valor da exclusividade, cres que a nosa sociedade actual valora esta calidade?

As sociedades moi desenvolvidas e ricas vólvense cada vez máis sofisticadas e refinadas, son cultas, aprecian a arte, o deseño, viaxan... Polo tanto, valoran as pezas exclusivas, gústalles ter obxectos con perso-

nalidade, de marca, cunha alta calidade e con prestacións. Obxectos que contan unha historia, que sexan poéticos dalgunha forma... Vivimos nun mundo moi complicado, chegar á casa ou a un hotel e atopar obxectos decorativos, belos e cálidos é algo que se valora cada vez máis. Posiblemente se trate de crear un ambiente sosegado e calmado no que guste estar.

☞ Como nace Proxecto Lab e cales son os seus obxectivos?

É un proxecto que naceu polo desexo de nos abrir cara ao exterior e deixar entrar outras sensibilidades, inquietudes e maneiras de abordar a iluminación decorativa. Despois de 14 anos sendo o único deseñador da empresa pareceume moi interesante o "feedback" que podía establecer con outros compañeiros, onde a aprendizaxe e o enriquecemento fosen mutuos. Por outro lado, esta acción permite que a marca creza e que os clientes poidan gozar dunha maior diversidade.

☞ Que lámpadas realizadas na historia do deseño moderno influíron máis no teu traballo?

Non podo falar de lámpadas concretas ao longo da historia que me marcaran porque foron moitas, prefiro falar de deseñadores aos que admiro moito, entre os que están os irmáns Hein, Achille Castiglioni, os irmáns Campana, Patricia Urquiola... e moitos máis. De todos aprendín, sobre todo, o valor do sinxelo e a humildade de pensar que cada día se aprende algo novo e se mellora.

"VIVIMOS NUN MUNDO MOI COMPLICADO E VALÓRASE CADA VEZ MÁIS CHEGAR Á CASA OU A UN HOTEL E ATOPAR OBXECTOS DECORATIVOS BELOS E CÁLIDOS"



BETY (Arturo Álvarez)

Diversión decorativa. “Bety” naceu en 2004 e desprende frescura en todas as súas opcións. É unha homenaxe do seu autor ao fetichismo e á feminidade, ademais de achegar unha nova narrativa no deseño.



NEVO (Arturo Álvarez)

Natureza chic. Traballada con materiais de última xeración, esta peza de formas suxestivas, proporciónalles movemento e sensualidade aos espazos nos que se sitúa. Semella unha rosa e é perfecta para dotar de frescura e de sofisticación a lugares de formas sobrias.

Buscar+deseñar+fabricar +comercializar= ILUMINAR

No proxecto Arturo Álvarez traballa un equipo experto e novo de oito persoas formadas na empresa e que levan moitos anos nela. Cada un é especialista nalgunha das fases do proceso creativo. Este iníciase cunha toma de datos de distintas fontes sobre o que se vai deseñar para o próximo ano e que necesidades se detectan, para así intentar darlles resposta. Despois empeza o proceso de deseño, xa sexa por parte de Arturo Álvarez ou dos deseñadores externos: Héctor Serrano, El Último Grito e Martín Azúa. Isto require varios meses de bosquejos e a realización de prototipos e de patróns. “Cando o deseño está avanzado”, explica o propio Arturo Álvarez, “volvémonos reunir e decidimos cos equipos de deseño e de marketing para ver se é viable comercialmente. Despois realizo persoalmente os prototipos e os patróns definitivos e posteriormente facemos preseries para axustalas e para corrixir os últimos detalles”. Finalmente, os novos deseños da marca preséntanse en feiras e comezan a venderse a través da súa rede comercial.

O OBRADOIRO

- Nome do obradoiro: Arturo Álvarez
- Enderezo: San Miguel de Sarandón, 9
15886 A Coruña
- Web: <http://www.arturo-alvarez.com/>
- e-mail: calor-color@arturo-alvarez.com
- Teléfono: (34) 981 814 600



Un mix de luxo emocional

Coma se se tratase de maxia, no obradoiro de **Óscar Rodríguez** unha cuncha convértese en pedra preciosa. Tal e como aconteceu nunha das súas coleccións previas, na que o ouro se compenetraba á perfección coa lousa do país, as últimas pezas deseñadas polo xoieiro lugués recorren á materia prima representativa de Galiza para, en harmonía co ouro e os diamantes, sorprenden a súa selecta clientela con broches e con aneis irrepetibles. Verdadeiras pezas de coleccionista que emerxen dun estudio único en Galiza, que segue as pautas da nosa alta xoiaría: transmitir forza e non escatimar en materiais. As xoias de Óscar Rodríguez son libres e cheas de sentimento. En cada unha delas hai un longo proceso de creación que empeza na idea e finaliza cando a peza está nas vitrinas do seu establecemento.

Pezas da última proposta de Óscar Rodríguez Joyeros, nas que as xemas preciosas e o ouro comparten o papel protagonista con cunchas e anacos de bucinas procedentes do mar.



Foi o motor dun novo centro de alta xoiaría en Galiza: o de Viveiro. Óscar Rodríguez realizou unha aposta forte por trasladar á Mariña lucense o aprendido nos talleres da Coruña e de Bergondo. Agora, polo seu obradoiro, pasan novas xeracións de xoieiros, entre eles a súa filla Cristina, que deu un paso máis no deseño de pezas de vangarda.

O traballo de Óscar Rodríguez ten un elevado compoñente artístico, sempre a partir do material que decide casar co ouro e coas xemas. Así o avalan os prestixiosos galardóns internacionais que obtivo, o último deles, ser finalista do AN Gem Awards, concurso de deseño

contemporáneo de xoiaría con xemas de cor. Os membros do xurado, entre eles representantes das empresas Tous e Carrera y Carrera, escolleron de entre os 600 traballos presentados o anel "Imperio sobre Xade", que preside, nunha vitrina de honra, o seu laboratorio de imaxinación.

Que converte en especiais as xoias de Óscar Rodríguez?

Baseamos unha boa parte das nosas coleccións en motivos da natureza, materia prima extraordinaria, coma no caso da nosa última colección. Nela, a base adoita ser ouro e diamantes e, a

partir de aí, engadimos elementos abraiantes, como cunchas reais.

Cantas pezas compoñen cada unha das vosas coleccións?

As coleccións constan de entre 12 e 25 pezas cada unha. Esta última é de 25 xoias. Temos unha avidez especial polo anel e polo broche, que nos dá moitas posibilidades de creación. Realizamos catro coleccións anuais, e os meses de máis traballo para nós son o Nadal, o verán e as exposicións internacionais e nacionais ás que asistimos, como Iberjoya, en Madrid, ou Inhorgenta Europe, que ten lugar en Múnic,

"Estas pezas en moi pouco tempo serán irrepitibles"

●●● ademais de encargos e de acontecementos que nos van xurdindo polo camiño.

☞ Ata que punto son únicas as túas xoias? Unha vez rematada a tempada, pasan a engrosar un catálogo fixo? Traballamos nun 80 % peza exclusiva. E cando se rematan esas 20 ou 30 xoias, non se volven fabricar. Son únicas. O difícil hoxe en día en calquera mercado e en calquera produto é innovar e que esa innovación guste. Procuramos chegar a algo que esteticamente sexa agradable e que a persoa que leve a peza se identifique con ela e chegue a dicir: "é o meu anel". Creo que imos lograr que, co paso do tempo, as nosas pezas cheguen a formar parte de coleccións privadas porque facer o que nós facemos, dentro de pouco, será irrepitible. Lamentablemente dirixímonos cara a un mundo no que todo se vai industrializando e o noso traballo está totalmente disputado coa industrialización. Quen se para hoxe en día a buscar cunchas como as da nosa derradeira colección?

☞ Quen conforma a vosa clientela? Temos seguidores asiduos. Tocamos un pouquiño de todo, pero xeralmente son xoiarías profesionais cun cliente non convencional, que busca algo diferente. Agora mesmo estamos a preparar un encargo para unha *boutique* de xoiaría en Turquía, e onde mellor funciona a

nosa proposta artística é en Barcelona. En Galiza, a clientela é máis conservadora.

☞ Como se promove o voso negocio? Principalmente en macroexposicións do sector. Alí establecemos contacto con profesionais que ven a nosa obra e iso permítenos ofertarlles, cada campaña, un artigo totalmente diferente.

☞ Á parte de tenda e de estudio de deseño, Óscar Rodríguez é un obradoiro de xoiaría. Cántanos como foron os teus comezos e a evolución do teu negocio. Empezamos cunha estrutura de taller moi característica da xoiaría galega, cunha persoa oficial e un aprendiz. Meu pai era vendedor de xoiaría, pero o paso cara á fabricación deino eu. Empecei en 1986, primeiro facendo xoiaría a pequena escala e despois, a raíz dos Salóns de Praza Galiza, empezamos a incrementar a produción e demos un saltiño de calidade. Xa coa mostra anual Iberjoya fomos evolucionando máis ata chegar a este momento, no que traballamos doce persoas e no que contamos cun obradoiro totalmente moderno nunha nova situación, dende hai dous anos, na avenida Cervantes de Viveiro, onde rehabilitamos dous edificios. Aquí facemos a peza de



que principio a fin, algo non é habitual en Galiza e é aínda máis arriscado facelo nunha zona rural, máis illada, como é Viveiro.

☞ Que perfil profesional traballa contigo? O profesional aprende aquí. Moitos estudaron Formación Profesional da rama de Metal e a nosa función é reconverter esa xente ao traballo do sector da xoiaría. É un proceso de aprendizaxe que require de moitos anos.

☞ Tamén ti comezaches como aprendiz de taller... Dende pequeno sempre fun moi afeccionado á pintura e o meu sempre foi o pincel e o lapis. Cando rematei Arquitectura Técnica na Coruña, adquirín unha visión dun espazo. Para min é máis doado facer perspectivas de pezas antes de pasalas para o obradoiro, o cal resulta moito máis agradable para ti e para o profesional que as fai. En 1982, houbo unha crise tremenda de construción e ocorrúseme o que nunca se me pasara antes pola cabeza:

Tres perspectivas do anel "Imperio sobre Xade", deseñado por Óscar Rodríguez, que resultou finalista na última edición dos galardóns AN Gem Awards.



dedicarme á xoiaría. Empecei a traballar no obradoiro de Juan Candame (na Coruña) un ano e medio, pero tiña as miñas propias inquietudes. Axudoume moito todo o que aprendín de técnica alí, e decidín aplicarllelo a todas as miñas creacións.

☞ A súa filla Cristina seguiu os seus pasos. A miña filla, dende os 11 anos, xa ía ao obradoiro, collía a mesa e facía as súas cousas. Fixo o bacharelato de Artes en Lugo e entrou con acceso directo na escola Elisava de Barcelona, onde preparou o ciclo de deseño de xoiaría. Despois recibiu unha bolsa da Universidade de Barcelona para ir á Universidade de Nova York e completou a súa formación con Administración de Empresas e Márketing e Relacións Públicas en Barcelona e nunha universidade inglesa. Dende xuño incorporouse á empresa.

☞ En que se diferencian os vosos estilos? O seu estilo é moi diferente. Se o meu é atrevido, o dela é aínda máis. No AN Gem Awards participamos 600 deseñadores de todo o mundo. Presentamos dúas pezas ela e dúas eu. É curioso, pero quedaron finalistas as catro pezas. Se xa é especial que che acepten dúas, ¡imaxina as catro, dun pai e dunha filla!

☞ Cales son as túas xemas e materiais preferidos para traballar?

A xoia debe ter algunha pedra preciosa: para min, a xema é a xoia. Todas as nosas pezas teñen un común denominador: o ouro como material base, que che dá moitísimas posibilidades de creación. E, na miña opinión, o gran complemento do ouro son os diamantes, pola súa beleza como pedra, pola súa profundidade, polo seu brillo e polas súas enormes posibilidades.

☞ Non obstante, vostede converteu en preciosas e singulares pedras comúns da nosa natureza.

Dende o punto de vista creativo, case todas, nun grao extremo de beleza, teñen as mesmas posibilidades. As pedras moitas veces valóranse pola súa escaseza ou por seren raras. No caso das cunchas, por exemplo, abundan

"A ALTA XOIARÍA
GALEGA TEN SINAIS
PROPIOS DE IDENTIDADE:
É FORTE, ROBUSTA
E NUNCA ESCATIMA
MATERIAL"

na natureza e hai infinitas. Pero a súa beleza si que é rara, en moitas ocasións, e iso convérteas para min nunha xoia extraordinaria.

☞ Hai algún material que se che resistise á hora de traballar con el?

Non hai nada co que non poidas traballar, porque calquera material pode ter un prezo accesible. Gardo especial recordo dunha colección feita hai anos con ouro de cores e con lousa do país.

☞ Hai moitos obradoiros de alta xoiaría coma o teu en Galiza?

Apenas media ducia, e, de feito, demándannos pezas profesionais para reportaxes constante-

mente, porque xa non quedan. Todos provimos do mesmo sistema de traballo e a técnica de elaboración é similar, aínda que despois llela apliquemos a cousas totalmente diferentes.

☞ Ten personalidade propia a alta xoiaría galega?

Si. Vas a Andalucía e a xoiaría cordobesa, por exemplo, é parca en materiais, concisa e lixeira. A catalá ten uns acabados diferentes, outro tipo de texturas... Nas feiras internacionais e fóra de Galiza identificánnos e din: "isto é xoiaría galega". Temos sinais propios de identidade: os dunha xoiaría forte, robusta, na que nunca se escatima material.



ASÍ NACE UNHA XOIA

1. DISEÑO E ELECCIÓN DE MATERIAIS

Na fase de deseño, da que se encargan Óscar Rodríguez e a súa filla Cristina Rodríguez, débúxanse as pezas, prepáranse os materiais que se van utilizar, e comeza o proceso de elaboración. É neste momento no que se decide que cunchas mariñas convirán con esmeraldas ou con perlas, por exemplo. É a parte máis creativa do proceso, na que o propio xoieiro elixe con detalle os materiais. No caso das cunchas, por exemplo, non todas son válidas. "Para atopar cunchas como as que utilizamos igual escollo 200 ou 300 e acabo desbotando a maioría delas, porque non todas son aptas para a xoiaría. Vexo cales teñen potencial para poder ser partícipes da xoiaría que fago e tamén que teñan solidez, porque valoramos a durabilidade. Algunhas son bucinas moi grandes das que aproveitamos algunhas partes que nos interesan".

2. ELABORACIÓN DA MONTURA

O segundo paso é elaborar a estrutura da peza, o que na xoiaría se chama a montura. Do colar, dos brincos, dos broches, etcétera. En función do deseño, tállase a xema (nalgún caso auténticas obras mestras de enorme complexidade como tallar a cara da lúa). É na parte dereita do taller onde un equipo de profesionais fai esta estrutura, a traseira e os peches que permitirán sustentar as pedras preciosas.



3. ENGASTE DE PEDRAS:

A continuación faise o traballo de incrustación de pedras preciosas, o que na xoiaría se denomina engaste. Unha vez rematada a montura, a peza pasa á zona esquerda, na que profesionais con microscopios e maquinaria especializada realizan este labor, que require dunha minuciosidade extrema.

4. PULIDOS E ACABADOS.

Co pulido e co acabado finaliza o proceso de creación. Nesta fase encáixase todo e sóldase perfectamente a xoiá. É aquí onde as pezas quedan listas para seren comercializadas e distribuídas de cara aos clientes, ás feiras especializadas ou aos establecementos ou *boutiques* de xoiaría que as demandaran.





O SEGREDO DAS CUNCHAS RECONSTRUÍDAS


A empresa Óscar Rodríguez Joyeros nace en 1987 tras unha importante traxectoria individual. Supón unha importante aposta pola xoiaría de autor nunha zona afastada do núcleo da alta xoiaría galega (A Coruña e os seus arredores). Puxo a localidade de Viveiro na vangarda deste oficio grazas ás súas orixinais mesturas de ouro, de perlas, de pedras preciosas e doutros materiais rescatados da natureza ou da historia de Galiza. A súa grande personalidade levouno mesmo a introducir nos seus aneis a figura humana tallada como símbolo do ascenso, da suba e do empeño da xente en lograr o cume. Artesán, deseñador e xoieiro, o seu traballo está cheo de simbolismo e é unha excepción no panorama da xoiaría galega, na que predomina o pequeno establecemento con obradoiro dunha persoa e mais o traballo en prata.

O OBRADOIRO

- **Localización:**
Avda. Cervantes 5-7
27850 Viveiro (Lugo)
- **Web:** www.oscar-rodriguez.com
- **Contacto:** 982 550 057



A
forma
como
escusa



Mestre da pedra, **Francisco Pazos**

leva máis de vinte anos investigando as posibilidades que lle brindan os materiais. Coa constante referencia do seu ámbito, o campo galego, e os elementos arquitectónicos que forman parte da paisaxe da súa nenez: hórreos, muíños, cruceiros, arquitectura funeraria, castros e aparellos de labranza... a madeira, o granito e a combinación de ambos os dous converte cada unha das súas pezas nunha homenaxe á natureza e á orixe do home, dende un enfoque artístico que entronca coas vangardas contemporáneas.

Os traballos de Francisco Pazos (Cobas-Meaño, Pontevedra, 1961) teñen reminiscencias da arte prehistórica e castrexa, pero ao mesmo tempo resultan moi actuais, pola súa orixinal forma de ensamblar a pedra con outros materiais, coma o ladrillo, o ferro forxado, o bronce ou o formigón. Pero é sen dúbida a combinación de pedra coa madeira a que máis coherencia lle deu ata a data á súa traxectoria.

Fillo dun carpinteiro, dende neno aprendeu a traballar a madeira e neste material realizou as súas primeiras obras, sen coñecer aínda a técnica escultórica. “Meu pai facía portas, ventás, encofrados... Digamos que de aí nace o meu coñecemento da madeira e da ferramenta, pero non da parte creativa”. Recorda: “Empecei facendo pezas de madeira (a primeira, unha cabeza que tallou de neno cunha navalla), pero foi na Escola de Canteiros de Pontevedra onde aprendín a técnica e, a partir de aí, empecei a traballar a pedra”.

O seu paso polo centro de Poio, no que posteriormente exerceu como profesor durante sete anos e ao que segue vinculado, foi decisivo no seu coñecemento do oficio, pero tamén das posibilidades da arte para construír historias e transmitir sentimentos. “Fun á Escola dirixido á escultura porque quería coñecer as súas técnicas. Pero, ao chegar alí, atopeime con que o ensino estaba enfocado principalmente á cantaría”, explica Pazos, quen engade: “Era unha formación moi aberta porque che ofrecía tamén a posibilidade da creación. Non estaba limitada a tratar a pedra, senón que te instruía en cada un dos pasos da escultura: modelado, baleirado, reprodución, máquina e puntos, ampliación... ademais de ofrecerche clases de debuxo técnico e artístico, historia da arte, levarte a exposicións, ou facilitarche coñecer artistas, o cal che vai permitindo entrar, pouco a pouco, no mundo artístico”.

Tan fundamental foi o paso de Pazos polo centro formativo pontevedrés que, ao finalizar os cinco anos de ensino, fixo a primeira peza na que había ensamblar pedra e madeira, a combinación que o converteu nun nome fundamental na arte actual galega. “Alí atopei o meu estilo persoal”.

Asorey, Miguel Ángel, Bernini e o resto dos mestres italianos, así como a escola catalá, foron os seus referentes durante esta etapa formativa.

Cada día, novas inxedanzas

No seu obradoiro de Cobas, Francisco Pazos conta coa colaboración do seu axudante, Miguel. Alí realiza as súas obras e prepara agora unha exposición prevista para o mes de marzo de 2009 na galería madrileña Kreisler. Está satisfeito coa última retrospectiva do seu traballo, organizada este verán en Vigo pola Fundación Caixanova, unha das institucións que adquiriron obra asinada por el para formar parte dos seus fondos artísticos. Tamén colabora con dúas galerías galegas, unha de Vigo e outra de Santiago, outras dúas no Estado e dúas en Portugal, no Porto e en Vilanova de Cerveira. Ademais, culmina o deseño dunha obra de mobiliario urbano, encargada para o concello de Meaño. É unha peza para encher un oco nun muro e recorda, en certa medida, a un dos murais urbanos de Leopoldo Nóvoa, escultor ao que admira e co que é inevitable establecer certas comparacións.

No seu obradoiro, calquera materia é susceptible de se converter nun obxecto, figurativo ou abstracto.



Aínda que a pedra é o material máis importante no traballo de Francisco Pazos, a experimentación co ladrillo deu como resultado a súa serie sobre as Meninas e outros retratos moi inspirados na escultura tribal e africana.



Nestes momentos, un enorme madeiro de magnolio espera a ser tallado. Un cliente habitual de Pazos tróuxollo para que o immortalizase como escultura.

"Cada material ten os seus problemas, as súas características, os seus enfados, as súas alegrías... Hai escultores en cuxa obra se percibe que non pensan no material, pero para min é o esencial. A materia é sempre a protagonista na miña obra. Eu traballo moito as texturas e as súas pátinas".

Moitas veces próbaos e descobre o seu potencial *a posteriori*. Aconteceulle co aluminio. Empregara xa o ferro e decidiu investigalo. ¡Eureka! "Vin que se lle podía sacar un enorme partido na escultura e que, ademais, consegue uns acabados sorprendentes, que fan que a xente non o identifique".

Unha "menina" xigante de ladrillo realizada en 2007 preside unha esquina da galería principal da súa casa-museo, con pezas de todos os seus estilos e diferentes etapas profesionais. Contrasta a fragilidade deste material, "difícil de traballar por delicado", coas columnas de ferro, coas armaduras de aluminio, coas enormes pedras que recordan os monumentos funerarios do Megalítico e cos tótems de madeira, de mirada perdida e inquietante. O ladrillo é

a ironía nun autor especializado en enfrontarse a enormes bloques de granito.

"É un material complexo pola súa fragilidade. Fixen moitas pezas con el e despois deixeiño apartado, aínda que consciente de que lle podía sacar máis xogo. Así que cinco anos máis tarde volvíno utilizar", explica, mentres pasea arredor das súas pezas, algunhas perfectamente xeométricas, outras con enormes mordedelas ou ben parcheadas e reforzadas con outros materiais para xerar un contraste emocional. Case todas froito dun azar creativo. Moitos elementos lle plantaron cara ao longo da súa carreira. Pero sempre os soubo manexar. En ocasións, grazas aos problemas técnicos que lle presentaron, achou novas fontes de expresión: "Moitas veces, grazas a un fallo, resolves un problema e encontras algo totalmente novo". Poucos materiais lle quedan por testar, aínda que un deles, o poliéster, téntao: "En ocasións penso que me resultaría útil, especialmente para a miña serie de mobles, pero non sei se o chegarei a probar".

O afán por indagar e por descubrir novas facetas na súa arte fixo que Francisco Pazos probase case todo. Tamén o uso da cor convive no seu amplo catálogo coas texturas que son fieis ao cromatismo da materia

"SON
MÁIS EMOCIONAL
CA CEREBRAL
Á HORA DE FACER AS
COUSAS"

prima que emprega. Así, nos seus inicios, buscou a cor en oxidacións en chapas de cobre, ás que lle habían seguido as táboas de madeira coloreadas ou totalmente brancas. Os seus experimentos intercálanse na súa particular liña do tempo: a súa traxectoria.

“Son máis emocional ca cerebral á hora de facer as cousas. Non penso moito no que vou facer, vai xurdindo por si só. Por iso a miña evolución artística é moi lenta e nela non hai etapas. Ás veces, estou a facer cousas totalmente diferentes e, de súpeto, dou marcha atrás”, afirma.

Tamén os temas de Francisco Pazos son diversos. Moitas das súas historias son de baleiro existencial, dramáticas e mesmo agónicas; outras están cheas de ironía, como algúns dos seus retratos, ou de sexualidade; pero a maioría teñen un compoñente ancestral, unha volta á orixe e unha homenaxe á natureza. As formas son, para el, un pretexto para chegar ás liñas que quere traballar con cada un dos materiais. Por iso quere que, nunha casa, nunha obra pública ou nun museo, os visitantes toquen o seu traballo “para apreciar doutro xeito diferente a súa obra”.

Así acontece en “Fiesta aberta ao mar”, a súa escultura urbana en forma de enorme menhir no Paseo Marítimo da Coruña, un dos lugares favoritos dos turistas e visitantes para se faceren fotos, entrando e saíndo do seu buraco, posando sempre coas vistas ao mar como contexto.


Mergullándose no mundo de Lewis Carroll

Nada mellor para un artista que busca “que a xente toque as pezas” que adaptar o seu coñecemento dos materiais ao interiorismo e ao mobiliario. En paralelo ao seu traballo de gran formato para espazos urbanos (muros, rotondas, monumentos...) e das súas obras máis persoais (algunhas totalmente figurativas, a maioría tendentes á abstracción e en diferentes formatos, mesmo a pintura de técnica mixta e a *collage*), Francisco Pazos desenvolve unha serie de pezas de mobiliario moi inspiradas en Antoni Gaudí e que recrean mundos oníricos repletos de

fantasía. Enormes cadeiras xunto coas súas irmás máis pequenas, mobles secreter, berces, toucadores, mesas... Todas elas son esculturas que se basean, como todo o seu traballo, na mestura de materiais e na busca de texturas. “Aínda que a materia que emprego na escultura é a mesma e teñen cousas en común dende a perspectiva creativa, o mobiliario é unha liña de traballo que separo totalmente do resto da miña obra, sobre todo á hora de comercializalo”.

Como parte deste traballo, Pazos exhibe no seu estudio unha cheminea curvilínea que parece sacada de “Alicia no país das maravillas” e que, a diferenza doutras pezas nas que aposta ao cento por cento pola intuición, realizouse a partir de dous bosquejos previos: un debuxo e mais unha proba de escaiola para ver o resultado e as proporcións con anterioridade. Mesmo en ocasións, ao igual que para o mobiliario urbano, utiliza programas informáticos de tratamento fotográfico para experimentar coa cor das texturas. “Cando che compran unha obra para unha colección importante iso dáche moita satisfacción, pero tamén cando chega unha persoa nova e diche: “Acabo de comprar un piso e hai moito tempo que me gustaría ter unha peza túa”.

Xunto co seu oficio de escultor, Pazos ten unha serie de pezas de mobiliario para interior, como mesas, cadeiras ou chemineas, de formas moi orgánicas.





O ANTES E O DESPOIS.

A investigación forma parte do traballo de Francisco Pazos. Como se pode ver á esquerda, un primeiro bosquexo feito en papel convértese nunha chimenea de autor, previa realización desta peza en escaiola a pequena escala.



SEMPRE VIVO

“Empecei con encargos, traballando só, mais a min gustábame sempre facer as miñas propias obras, máis creativas. Pero era moi difícil entrar no mercado e entón íalle dedicando as horas libres, pero sobre todo estaba centrado nos encargos. Funme derivando cada vez máis cara a aí, foime indo cada vez mellor e agora, dende hai dez anos, dedícome ao que me gusta e é moito máis satisfactorio”.

Francisco Pazos emprega a maior parte do seu tempo a facer as pezas que o inspiran. Moitos dos seus clientes visitan o seu obradoiro de Cobas, en Meaño, e outras pezas véndense a través de exposicións ou distribúense en galerías. Defensor da creatividade (“o oficio pódese aprender”), xunto con pezas moi artísticas, no seu obradoiro elabóranse tamén obras industriais de encargo de todo tipo, nas que a pedra é a grande protagonista.

O OBRADOIRO

- **Nome do obradoiro:**
Obradoiro Francisco Pazos
- **Localización:**
r/ Vista Alegre, 7 b
Covas-Meaño
Pontevedra
- **Contacto:** 986 747 153





A forza das mans

Damos un paseo pola **Escola de Canteiros de Pontevedra**, que en 2009 fai 30 anos como centro de referencia para aprender o traballo manual da pedra. Unha escola dinámica na que a man é máis importante que as máquinas pero que, non por iso, descoidou a incorporación das novas tecnoloxías.

De aquí saen artistas, pero tamén artesáns, traballadores e empresarios industriais. Durante cinco anos, aprenden todas as fases dun oficio complexo, que require de fortaleza, do coñecemento dos clásicos, de habilidade e de moita masa creativa.

Preservar a cantaría galega

Naceu o 15 de xaneiro de 1979 e, trinta anos máis tarde, segue a ser un centro único no mundo. A Escola de Canteiros de Pontevedra sitúase dende 1990 nun moderno edificio de Poio, nuns terreos cedidos pola Asociación de Montes de San Salvador, e, este curso, pasarán polas súas aulas máis de cincuenta alumnos.

Alí pártese do concepto artesanal da cantaría, do canteiro como humanista, como profesional completo que aprende, ao longo de cinco anos, modelado, baleirado, debuxo, manexo da maquinaria e historia da arte, entre outras disciplinas. O canteiro que antigamente era capaz de erguer unha catedral, “unha persoa de grandes coñecementos”. “Aquí adquiren un ensino práctico que, ou ben utilizan na artesanía, ou ben dentro da industria ou ben no plano artístico”, explica Enrique Velasco, profesor da Escola e adxunto á súa dirección.

Firme defensor deste método de docencia, Velasco explica como hai pouco outra escola da República Checa compartía a mesma filosofía didáctica que a galega. “Estruturábase en tres anos e cun ensino totalmente manual, pero transformárona para lle proporcionar xente á industria rápida e doada e perderon o traballo coas mans. Agora tratan de recuperalo e puxéronse en contacto de novo connosco”, conta.

El mesmo, en 1982, incorporouse como alumno e agora é profesor da Escola, como no seu momento o foi tamén Francisco Pazos, antes de xerar o seu propio universo de pedra. Como Pazos, algúns ex-alumnos son artistas. Outros moitos restauradores, autónomos, formadores de ocupacións, profesores... “O canteiro é un ser especial: un artesán pero tamén un grande axente económico. E, non obstante, en ocasións, a súa figura está deostada, pouco recoñecida pola sociedade”, opina Velasco.

Un oficio con futuro

O equipo do centro pontevedrés non quere que a figura do profesional da cantaría se fracture. Esa formación total, que nestes momentos imparte un equipo de oito profesores, é a que, indican, segue convertendo os seus alumnos en traballadores de presente e futuro. “Algunhas empresas chámannos directamente para demandar profesionais, sen que nin sequera se publique no taboleiro. E, aínda en época de recesión económica do sector, na que as empresas de construción non teñen tanto traballo, si hai máis traballo en espesor e queren os nosos alumnos porque son moi polivalentes”, afirma Velasco, que pon un exemplo recente: “Moitos ex-alumnos son empresarios cos seus propios talleres e un deles vén de contactar connosco porque lle van adxudicar unha obra de 600.000 euros, todo en obra de espesor, polo que precisa de persoal altamente cualificado”.

Aínda que cada alumno tome o seu propio destino, a Escola de Canteiros de Pontevedra quere que dun mesmo artesán emerxa o



canteiro labrista, o canteiro tallista, o canteiro colocador e o operador de máquina. De aí que as horas dedicadas a aprender (entre 3.000 e 4.000) se aproveiten ao máximo.

“Aínda así, necesitan unha dedicación posterior para seguir aprendendo. Toda a xente que antigamente fixo a Catedral de Santiago, que nos legou polo mundo igrexas e catedrais, entraba a formar parte dunha cuadrilla aos 9, 10 ou 12 anos e ata os 20 ou 22 non lles daban un traballo de certa responsabilidade. Todo iso con xornadas moi duras, con malas condicións e sen a axuda das máquinas, sempre de forma manual”.

Xunto coas diferentes materias, o centro achega un valor engadido: o intercambio cultural, xa que se conceden bolsas a través das cales asisten alumnos de todo o mundo. Tamén se convida a especialistas para dar conferencias ou obradoiros monográficos. A última en facelo foi a restauradora Concha Cirujano, Premio Nacional de Belas Artes, que deu unha charla sobre a rehabilitación do claustro de Los Jerónimos, en Madrid, para a ampliación do Museo do Prado. “Calquera referencia á pedra, dende as súas múltiples perspectivas, interésanos”. A maiores organízanse exposicións co traballo do alumnado, para que se vexa proxectado cara ao exterior.

Formación de gran formato

A formación da Escola de Canteiros é práctica, con obra a tamaño real, o cal require que se adopten medidas extremas de seguridade, xa que se manipulan enormes pedras de ata catro metros en vertical. Trátase de que os mozos lle perdan medo ao traballo durante a estada académica e cometan na Escola todos os erros, para non os repetir na rúa. Tamén de que aprendan a traballar en equipo, algo fundamental no seu oficio. Ademais, colaboran en deseños de proxectos, como un conxunto de vivendas de 60 metros cadrados que van máis alá da sustentabilidade e pretenden xerar aforro enerxético. O aproveitamento de todo o material para realizar pezas grandes, pequenas e, co restante, fertilizantes naturais, é un sinal de identidade deste centro, pioneiro no coidado ambiental e no fomento de enerxías renovables.

Pero é o respecto e o coñecemento da talla e da construción clásica o requisito indispensable para avanzar no programa educativo. No espazo de Poio, o ambiente está vivo e o alumnado modela, debuxa, constrúe... todo tipo de pezas. “O cruceiro”, apunta Velasco, “é un excelente exercicio, é verdadeira cultura artesá e arte popular. Ilmaxina unha vara de catro partes cun peso enorme, soportado por unha vara e enriba dun capitel, todo sobre esta estrutura aguantando a forza dos ventos, e que duren tanto tempo!”.

Este curso 2008-2009, nas aulas e nos espazos de encontro (como a biblioteca ou o comedor) da Escola de Canteiros de Pontevedra houbo catro alumnos máis ca o ano pasado. En pleno mes de outubro, hai 29 persoas durante o día. Pola tarde, outras nove. De diferentes idades, algúns xa profesionais e mesmo un xubilado. En breve incorporaranse quince persoas máis e, xa no mes de marzo, un grupo de estudantes da Facultade de Belas Artes de Vigo achegaranse á Escola para recibir formación transversal neste oficio, moi enraizado na cultura galega.

“En Galiza sempre houbo os mellores canteiros e somos unha potencia no granito. Forma parte do noso patrimonio”, sinala Velasco, quen pormenoriza as calidades desta materia prima, tan presente en calquera aldea, localidade, praza... e que forma parte da nosa imaxe cara ao exterior: “Non é mármore nin calcaria, o granito haino que entender porque é un material complexo e hai diversos tipos. É máis doado, unha vez que traballas granito, pasar ao mármore. Unha vez que aprendes o máis duro, despois é todo máis doado. Aínda que sempre se require dun período de adaptación entre un material e outro”.

O grande obxectivo da Escola de Canteiros de Pontevedra é preservar a cantaría galega, e isto, trinta anos máis tarde, foise cumprindo. No centro, os alumnos entran en contacto coa pedra e durante os dous pri-



Na Escola de Canteiros de Pontevedra ensínase todo o proceso a partir de grandes bloques de granito, cos que o alumno se ten que enfrontar sen axuda de maquinaria.

meiros anos só utilizan as mans. “Estamos dotados de ferramentas, pero se controlas o traballo manual, manexas a ferramenta nun minuto. Sentas diante dun ordenador e en tres meses pódello manexar, ao igual que unha máquina. As tecnoloxías están ben, pero, na artesanía, se se perde a man, pérdese a base”, conclúe.

A arquitectura dos nosos canteiros

por **Daniel Beiras García-Sabell**



Dende a antigüidade a arquitectura e a pedra foron dúas caras da mesma substancia. A pedra era o material indiscutible da arquitectura, e a arquitectura a forma de expresión da pedra. Como o barro á cerámica e o papel á literatura era a pedra á arquitectura. Non sempre foi así, os primeiros construtores en pedra imitaron a tecnoloxía doutro material aínda máis primixenio: a madeira. Así os antigos templos das grandes civilizacións mediterráneas máis achegadas a nós, coma Grecia ou Exipto, foron traballados en pedra seguindo os modelos construtivos da madeira. Os primeiros canteiros traballaron con mármore e granito, ideando columnas de dimensións xigantes e linteis de luces inverosímiles nun sistema de proporcións monumentais que dirixiu durante séculos a historia da arquitectura.

Tal foi a prominencia da pedra sobre os outros materiais que hoxe atopamos numerosas representacións gráficas de arquitecturas relativamente recentes nas que se representa unicamente a pedra para definir o conxunto da fachada, eludindo representar as carpinterías ou as varandas de ferro, a pesar da súa importancia no conxunto da fachada. Véxase os edificios de vivendas proxectados por Domingo de Andrade para as rúas de Santiago no período barroco, ou as fachadas decimonónicas do Bairro do Chiado en Lisboa.

No noso país esta situación acentúase aínda máis pola primacía adquirida historicamente pola pedra na nosa construción, que deu como froito a materialización de conxuntos históricos coma os cascos vellos das cidades de Santiago, Betanzos, Ourense ou Pontevedra, nos que a pedra o ocupa todo. Rúas de chans empedrados, paredes e teitos de pedra, soportais, escadas,... en fin un grande escenario de granito no que a unidade no material construtivo empregado provocou unha unidade formal importante ao longo de diferentes épocas, e por tanto unha continuidade histórica e estética. O exemplo máis emblemático deste feito vai ser o edificio da catedral de Santiago onde resulta practicamente imposible diferenciar a simple vista que pedras son románicas, góticas ou barrocas, que partes ideou cada mestre de obra que por alí pasou, onde remata o traballo do mestre Mateo ou onde empeza o de Casas e Novoa. Non abonda a nosa percepción para distinguilos, temos que acudir a documentos escritos das obras, partidas orzamentarias, ou ás marcas dos canteiros que ían deixando nas pedras para coñecer cada etapa. Por certo que algúns historiadores sinalan que a utilidade de marcar as pedras non era a de asinar o traballo senón a de sinalar que tramo lle correspondía cobrar a cada obradoiro de canteiros.

En xeral, sempre que un profano se achega á obra histórica dos canteiros faise as mesmas preguntas: como facían para extraer estes enormes bloques de granito, como facían para erguer estas pedras tan grandes, como facían para traballar un material de tal dureza.

Eu facíamamos tamén, até que a través da miña profesión de arquitecto viños traballar en obra, e vin as ferramentas e trebellos que utilizan para mover as pedras e erguelas. Moitas delas son ferramentas ideadas xa polos romanos coma os sistemas de trípodas de madeira, outras industriais como as chaves de rosca, e sorprende a capacidade que teñen para mover as pezas con estes trebellos manuais, ás veces sen axuda de grúas mecánicas.

Nas miñas primeiras direccións de obra descubrín na cantería un oficio completo, eran os canteiros os que me ensinaban a min como se construía en pedra. Foron eles quen me iniciaron nun oficio que eu só coñecía a través dos libros, e que non deixou de sorprendeme no seu alto nivel nas realizacións e na multiplicidade de solucións construtivas.

Finalmente, na capacidade de transformación espacial da arquitectura da pedra. O certo é que o traballo da pedra é moi diverso.

Por unha banda abrangue un abano moi amplo de solucións construtivas, por poñer un par de exemplos: un canteiro pode facer dende un pavimento de lousa de pizarra cravada na terra (chapacuña) até un sollado de costeiros de granito de grande formato, dende unha fachada aplacada con chapa de cuarcita de 2 cm de grosor até unha parede de carga de perpiaño de granito de 30 cm de grosor ou un muro tradicional de cachote de lousa dúas caras vistas de 80 cm de grosor medio.

Por outra banda existe unha ampla demanda de materiais pétreos na nosa arquitectura pois é un material ao que estamos afeitos culturalmente: dende as cubertas de lousa nas zonas orientais onde é tradicional, ao granito traballado das fachadas compostelás ou as sebes de perpiaño tan utilizadas nas rías baixas.

Por iso na arquitectura que se fai actualmente en Galiza, ao igual que o foi historicamente, segue a ter unha importancia fundamental o traballo dos nosos canteiros.

U
o
i
n
i
d
o



O PUNTO DE ENCONTRO DA ARTESANÍA DE TODO O MUNDO ESTARÁ EN GALIZA

ENTRADA GRATUÍTA A PROFESIONAIS ACREDITADOS ANTES DO 15 DE XANEIRO



Do 27 de febreiro ao
1 de marzo do 2009
Recinto feiral
EXPOCORUÑA
www.moagaliza.org

Galiza convertese nun punto de encontro de expresións culturais no que as técnicas artesanais se combinarán coas innovacións, co deseño e as correntes artísticas. Con representantes da artesanía de diferentes países, MOA quere ser unha suma de identidades e un referente no ámbito internacional.



moa
I MOSTRA DE ARTESANÍA
DE GALIZA '09



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



**FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO**